

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 26 de ABRIL de 2013**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 26 de abril de 2013, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Ramón Tojo Lens.

2.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 3/13, do 22 de marzo.

3.-Toma de coñecemento das Resolúcións ditadas pola Presidencia, da nº 4.401 á nº 6.900, de 2013.

4.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia nº 5.950 pola que se nomea presidente da Comisión Informativa Permanente de Contratación, Patrimonio e Equipamento.

5.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia nº 5.949, sobre o nomeamento de membro da Xunta de Goberno.

6.-Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representantes da Deputación en organismos varios.

### **Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística**

7.-Aprobación da formalización e do texto do convenio coa entidade CASCO para o financiamento do persoal do piso de acollida no ano 2012.

8.-Aprobación da formalización e do texto do convenio coa entidade A Creba para o mantemento e posta en marcha do Centro Asistencial A Creba Ribeira no ano 2012.

9.-Aprobación da subvención nominativa e do texto do convenio coa entidade Fundación Eduardo Pondal para actividades de dinamización lingüística no ano 2012.

### **Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade**

10.-Aprobación do convenio coa Fundación Luis Tilve para financiar a IX fase do proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.G.T. e dos movementos sociais de Galicia.

11.-Aprobación do convenio co Concello de Porto do Son para financiar o programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña do ano 2013.

12.-Aprobación do convenio coa Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto “Estudo do nome das rúas. Comarcas de Barbanza, Noia e O Sar: anualidade 2013”.

13.-Aprobación do convenio co Concello de Ortigueira para a celebración do Festival Internacional do Mundo Celta 2013.

#### **Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais**

14.-Aprobación do expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade a Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA) (adscrita ao Ministerio de Fomento-Administración Xeral do Estado) o tramo antigo da estrada provincial DP 3104 reflectido no plano que figura no expediente (tramo A) entre pk 0+000 e 0+600 para a execución da obra de ampliación da pista do aeroporto e aceptar a entrega da variante da estrada provincial DP 3104 por parte de Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA) (adscrita ao Ministerio de Fomento-Administración Xeral do Estado) á Deputación Provincial da Coruña, reflectida no plano que figura no expediente (tramo B).

#### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

15.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Muros para financiar a adquisición dun vehículo para a policía local de Muros.

16.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Noia para financiar as obras de urbanización Rúa Pedra Sartaña, 1ª fase.

17.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Ames para financiar actuacións na contorna do campo de fútbol de Bertamiráns.

18.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Tordoia para financiar o catálogo de recursos turísticos e programa de promoción turística do concello.

19.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Porto do Son para financiar o proxecto de conservación arqueolóxica para a posta en valor do Castro de Baroña.

20.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Oza dos Ríos para financiar as obras de construción de ximnasio no polideportivo municipal.

21.-Aprobación do cambio de denominación da subvención nominativa co Concello de Cesuras para financiar as obras de construción de pérgola metálica no campo da festa de Cutián (Cesuras) pola construción de nave aberta metálica no campo da festa de Cutián e aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Cesuras para financiar a construción de nave aberta metálica no campo da festa de Cutián.

22.-Concesión de subvención nominativa e aprobación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e a entidade Misela (Asociación de

persoas con discapacidade da comarca Noia-Muros), con sede no Concello de Noia, para financiar o “EDIT” equipo de desenvolvemento infantil e atención temperá en 2012.

23.-Concesión de subvención nominativa e aprobación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Laxe para o financiamento de gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios básicos no ano 2012.

#### **Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo**

24.-Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Escola de Organización Industrial (EOI) para o desenvolvemento conxunto do proxecto “Desenvolvemento dun centro de excelencia para o impulso da innovación nas PEME da provincia da Coruña”.

#### **Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

25.-Aprobación da 3ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013.

26.-Aprobación da 5ª e derradeira fase da anualidade 2012 do Plan DTC 94: Unha deputación para todos os concellos.

27.-Toma de coñecemento da aprobación do convenio marco para o establecemento das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Laxe para a constitución da comunidade intermunicipal Costa Bergantiñá de servizos públicos consorciados, aprobado polos respectivos concellos de Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Laxe, e da designación dos representantes dos respectivos concellos, así como a designación dos representantes da Deputación no citado convenio.

#### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

28.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao primeiro trimestre de 2013, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010).

29.-Modificación das subvencións nominativas de exercicios anteriores.

30.-Aprobación do expediente de modificación de créditos nº 1/2013.

31.-Información remitida a entidades públicas durante o primeiro trimestre de 2013.

32.-Aceptación da ampliación de competencias en materia tributaria do Concello de Valdoviño, recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

33.- Aceptación da ampliación de competencias en materia tributaria do Concello de Cabana de Bergantiños, xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

34.-Informe do cumprimento polo Consorcio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro de loita contra a morosidade das operacións comerciais correspondentes a: 3º e 4º trimestre do ano 2010 e 1º, 2º, 3º e 4º trimestres do ano 2011.

35.-Informe sobre o desenvolvemento da segunda fase do mecanismo de pago a provedores no ámbito da Deputación Provincial da Coruña.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓNS  
ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO  
26 DE ABRIL DE 2013**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de abril de 2013, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON DIEGO CALVO POUSO PP

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:**

|  |      |
|--|------|
| DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ         | PP   |
| DON ANTONIO CAÑÁS VARELA                 | PP   |
| DON JOSÉ DAFONTE VARELA                  | PP   |
| DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA              | PP   |
| DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA      | PSOE |
| DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ         | PP   |
| DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA   | PSOE |
| DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA | PP   |
| DON MARIANO IGLESIAS CASTRO              | PSOE |
| DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO       | PSOE |
| DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO                | PSOE |
| DON CÉSAR LONGO QUEIJO                   | PSOE |
| DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO          | PP   |
| DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ      | BNG  |
| DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ               | PP   |
| DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES              | PP   |
| DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA             | BNG  |
| DON XOSÉ REGUEIRA VARELA                 | BNG  |
| DON MANUEL RIVAS CARIDAD                 | PP   |
| DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ               | PP   |
| DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO      | PSOE |
| DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS             | PP   |
| DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN           | PP   |
| DONA SILVIA SEIXAS NAIA                  | BNG  |
| DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO             | BNG  |
| DON MANUEL TABOADA VIGO                  | PP   |
| DON RAMÓN TOJO LENS                      | PP   |
| DONA AMANCIA TRILLO LAGO                 | PSOE |
| DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE    | PSOE |
| DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA                | PP   |

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO PARTIDO POPULAR, DON RAMÓN TOJO LENS.**

Sr. Secretario

Consta na Secretaría Xeral desta Deputación a credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acredita que foi designado deputado provincial don Ramón Tojo Lens en substitución por renuncia de don Santiago Vicente Amor Barreiro, por figurar como suplente na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 22 de maio de 2011. Por outra banda, don Ramón Tojo Lens, consonte co disposto na Lei reguladora das bases do réxime local, formulou a declaración sobre causas de posible incompatibilidade, sobre os seus bens patrimoniais e sobre aquelas actividades que lle proporcionen ou lle poidan proporcionar ingresos económicos. Reúne, polo tanto, os requisitos necesarios para a toma de posesión como deputado provincial.

(Entra no salón o Sr. Tojo Lens)

O Sr. Tojo Lens toma posesión do seu cargo, promete o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

### **2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 3/13, DO 22 DE MARZO.**

Apróbase a acta da sesión anterior nº 3/13, do 22 de marzo.

### **3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 4.401 Á Nº 6.900, DE 2013.**

A corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 4.401 á nº 6.900, de 2013.

### **4.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 5.950 POLA QUE SE NOMEA PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E EQUIPAMENTO.**

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 5.950, do 01.04.2013, pola que se nomea presidente da Comisión Informativa Permanente de Contratación, Patrimonio e Equipamento ao deputado provincial, don Carlos Enrique López Crespo.

## **5.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 5.949, SOBRE O NOMEAMENTO DE MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO.**

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 5.949, do 01.04.2013, pola que se nomea membro da Xunta de Goberno ao deputado provincial, don Carlos Enrique López Crespo.

## **6.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS VARIOS.**

Por unanimidade apróbase a inclusión deste punto na orde do día, e se aproba, tamén por unanimidade, a seguinte proposición:

“Don Diego CALVO POUZO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao Presidente pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, art. 34.1.b).

Resultando que algún dos deputados nomeados polo Pleno para representar á Deputación en diferentes organismos renunciaron ao seu cargo de deputados provinciais polo que, derivadamente, quedaron sen efecto os nomeamentos plenarios de representación, que convén actualizar paulatinamente,

En consecuencia,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“Nomear representantes da Corporación aos deputados que se indican nos organismos que a seguir se relacionan:

### **COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO CO IMSERSO E A FEMP, PARA IMPLANTACIÓN DO SERVIZO PROVINCIAL DE TELEASISTENCIA NOS CONCELLOS**

Dona Zaira Rodríguez Pérez  
Don Manuel Taboada Vigo

### **FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA**

Don Diego Calvo Pouso.

### **FUNDACIÓN TORRENTE BALLESTER**

Don Antonio Pereiro Liñares

### **GRUPOS DE DESARROLLO LOCAL**

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO SAR-ULLLA  
Don Manuel Taboada Vigo.



**MUSEO DO POBO GALEGO (Xunta Rectora)**  
Don Manuel Taboada Vigo

Os deputados nomeados polo presente acordo informarán sobre o funcionamento dos organismos nos que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo dos mesmos, sempre que sexan requeridos polo Pleno, polo Presidente ou pola Xunta de Goberno e periódicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico”.

**7.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E DO TEXTO DO CONVENIO COA ENTIDADE CASCO PARA O FINANCIAMENTO DO PERSOAL DO PISO DE ACOLLIDA NO ANO 2012.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización da subvención e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade CASCO (Comité Antisida de Coruña) CIF V- 15279219, para o financiamento do gasto de persoal do piso de acollida na Coruña, que prestou servizos do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2012, para atención de persoas seropositivas en situación de exclusión social, e que supón a achega de 30.000,00 euros, que é o 27,27% do total importe do gasto que ascende a 110.000,00 euros, achega que será aboada con cargo á partida 0701/231G/481, condicionado á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito número 1 do vixente orzamento 2013, no que vai prevista a incorporación do crédito adecuado e suficiente con este fin.”

Nº

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE COMITÉ CIUDADÁN ANTI-SIDA DA CORUÑA (CASCO), PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS DE PERSOAL DO PISO DE COLLIDA PARA O ANO 2012

A Coruña, o de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Dna. Celsa Díaz Cabanela, presidenta do COMITÉ CIUDADÁN ANTI-SIDA DA CORUÑA.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e da ENTIDADE COMITÉ CIUDADÁN ANTI-SIDA DA CORUÑA ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a COMITÉ CIUDADÁN ANTI-SIDA DA CORUÑA (CASCO), con CIF V-15279219, para o financiamento de gastos de persoal especializado do piso de acollida para persoas seropositivas en situación de exclusión social.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO             |  | IMPORTE      |
|----------------------|--|--------------|
| 1. GASTOS DE PERSOAL | 1.1.Soldos e salarios                      | 71.500,00 €  |
|                      | 1.2. Seguridade Social a cargo da entidade | 38.500,00 €  |
| TOTAL                |  | 110.000,00 € |

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima 30.000 €, o que representa unha porcentaxe de 27,27 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 27,27 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231G/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á ENTIDADE BENEFICIARIA que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a ENTIDADE BENEFICIARIA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se presentara a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá ter unha conta bancaria co título "Fondos para atender á actividade...". Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

#### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas antes do 31 de decembro de 2012.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres

meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do ano 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de setembro de 2013.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do 31 de xullo do 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ENTIDADE

#### **8.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E DO TEXTO DO CONVENIO COA ENTIDADE A CREBA PARA O MANTEMENTO E POSTA EN MARCHA DO CENTRO ASISTENCIAL A CREBA RIBEIRA NO ANO 2012.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización da subvención e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade A CREBA (Asociación pro saúde mental) CIF G-15476310, para o financiamento dos gastos de mantemento e posta en marcha do Centro Asistencial A Creba Barbanza, en Ribeira, desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2012, e que supón a achega da Deputación de 30.873,21 euros, que é o 60,43% do total importe do gasto que é de 51.091,51 euros, e todo iso condicionado á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito número 1 do vixente orzamento 2013, no que vai prevista a incorporación de crédito adecuado e suficiente para ese fin.”

Número /2012

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E POSTA EN MARCHA DO CENTRO ASISTENCIAL A CREBA BARBANZA EN RIBEIRA

Na Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. \_\_\_\_\_, presidente da ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de \_\_\_\_\_ ambas as dúas partes

#### ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA, CIF: G15476310 para o financiamento dos gastos de mantemento e posta en marcha do Centro Asistencial A Creba Barbanza en Ribeira

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO                               |  | IMPORTE   |
|--|--|-----------|
| 1. GASTOS DE PERSOAL                   | 1.1.Soldos e salarios                      | 31.635,92 |
|  | 1.2. Seguridade Social a cargo da entidade | 15.406,33 |
| 2. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS | 2.1. Auga e electricidade                  | 450,00    |
|  | 2.2. Combustible de transporte             | 2.399,26  |
|  | 2.3. Teléfono                              | 200,00    |
|  | 2.4. Seguros                               | 1.000,00  |
| TOTALS                                 |  | 51.091,51 |

#### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.873,21 euros o que



representa unha porcentaxe de 60,43%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 60,43%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/481 na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á .ASOCIACION PRO SAÚDE MENTAL A CREBA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACION PRO SAÚDE MENTAL A CREBA, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACION PRO SAÚDE MENTAL A CREBA unha vez que se presente a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

6.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas antes do 31 de decembro do 2012.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio, establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA para que a presente no prazo

improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00<sup>€</sup>, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 <sup>DEL.</sup> se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 <sup>DEL.</sup>

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 <sup>DEL.</sup> Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 <sup>DEL.</sup> E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 <sup>DEL.</sup>

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do ano 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de setembro do 2013.

2.Para o caso de que a ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 30 de xullo do 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN PRO SAÚDE MENTAL A CREBA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACION  
PRO SAUDE MENTAL A CREBA

D. DIEGO CALVO POUZO

### **9.-APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA E DO TEXTO DO CONVENIO COA ENTIDADE FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ANO 2012.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a concesión da subvención nominativa e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL, CIF G-70262951 e sede no Couto, Casa Reitoral de San Tirso de Cospindo, 15110 Ponteceso, para o cofinanciamento de actividades de dinamización lingüística en 2012, cunha achega de 40.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 79,6812% do orzamento subvencionado e que lle será aboado con cargo á partida 0601/334A/481 do orzamento vixente.”

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DE “DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA” EN 2012**

Na Coruña, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ na sede da Deputación Provincial da Coruña

#### **Reunidos**

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. D. José Luís Fondo Aguiar, con DNI 32384292 Q, Presidente da Fundación Eduardo Pondal

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Fundación Eduardo Pondal ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Eduardo Pondal, NIF G-70262951, para o financiamento de actividades de “Dinamización Lingüística” en 2012.

#### ACTIVIDADES

##### Xaneiro. “A lingua galega en tempos de Reis”

- 1- “ Non des a esquecemento”. Xeira de gravacións lingüísticas sobre a memoria oral na lareira da Fundación Eduardo Pondal con veciños da redonda para compartiren un café e moitos momentos do seu pasado.
- 2- Curso de formación Lingüística en canto e escena galega
- 3- Outras linguas: Eduard Stivill Sáenz de Tejada, “Obradoiro para escolares e adultos”
- 4- Día 7 de xaneiro Novos tempos e novos retos para a mocidade do rural coa lingua como fío condutor
- 5- Actualización dos contidos das redes sociais da Fundación Eduardo Pondal

##### Febreiro. “O berce galego do bardo”

- 6- Conmemoración do 177 aniversario do nacemento de Eduardo Pondal a cargo do alumnado de educación infantil do CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso, amenizado con distintas dinamizacións lingüísticas
- 7- “ Non des a esquecemento”. Xeira de gravacións lingüísticas sobre a memoria oral na lareira da Fundación Eduardo Pondal con veciños da redonda para compartiren un café e moitos momentos do seu pasado.
- 8- Curso de formación lingüística en canto e escena galega
- 9- A Cova Céltica
- 10- Obradoiro de comunicación coa lingua galega como soporte expresivo
- 11- Actualización de contidos das redes sociais da Fundación Eduardo Pondal

##### Marzo. “A derradeira vontade. Cando xazan do cisne”

- 12- “ Non des a esquecemento”. Xeira de gravacións lingüísticas sobre a memoria oral na lareira da Fundación Eduardo Pondal con veciños da redonda para compartiren un café e moitos momentos do seu pasado.
- 13- A Cova Céltica
- 14- Curso de formación lingüística en canto e escena galega
- 15- Sonorizacións das animacións lingüísticas (recitais, música, contadas, roteiros, etc)
- 16- Obradoiro de comunicación coa lingua galega como soporte expresivo
- 17 - Actualización de contidos das redes sociais da Fundación Eduardo Pondal

##### Abril

- 18- “ Non des a esquecemento”. Xeira de gravacións lingüísticas sobre a memoria oral na lareira da Fundación Eduardo Pondal con veciños da redonda para compartiren un café e moitos momentos do seu pasado.
- 19- - Actualización de contidos das redes sociais da Fundación Eduardo Pondal
- 20- Curso de formación lingüística en canto e escena galega

- 21- Sonorizacións das animacións lingüísticas (recitais, música, contadas, roteiros, etc)
- 22- Obradoiro de comunicación coa lingua galega como soporte expresivo  
Maio. “Festiletras 2012” 30 aniversario da festa das letras”
- 23- A casa da oralidade. Desenvolvemento de distintas propostas de animación lingüística para escolares nestes días de maio en distintos espazos da Fundación Eduardo Pondal
- 24- En galego na música
- 25- Maxia e teatro en galego
- 26- “ Non des a esquecemento”. Xeira de gravacións lingüísticas sobre a memoria oral na lareira da Fundación Eduardo Pondal con veciños da redonda para compartiren un café e moitos momentos do seu pasado.
- 27- A Cova Céltica
- 28- Curso de formación lingüística en canto e escena galega
- 29- Sonorizacións das animacións lingüísticas (recitais, música, contadas, roteiros, etc)
- 30- Obradoiro de comunicación coa lingua galega como soporte expresivo
- 31- Actualización de contidos das redes sociais da Fundación Eduardo Pondal  
Xuño. “É a noite de San Xoán”
- 32- O San Xoán é unha temática pouco coñecida da obra poética pondaliana. Arredor do seu poema a “A noite de San Xoán” artellaremos unha sesión de dinamización lingüística e etnográfica arredor do lume coa maxia que desprende esa noite (herbas, lendas, esconxuros, etc.)
- 33- “ Non des a esquecemento”. Xeira de gravacións lingüísticas sobre a memoria oral na lareira da Fundación Eduardo Pondal con veciños da redonda para compartiren un café e moitos momentos do seu pasado.
- 34- A Cova Céltica
- 35- Curso de formación lingüística en canto e escena galega
- 36- Sonorizacións das animacións lingüísticas (recitais, música, contadas, roteiros, etc)
- 37- Obradoiro de comunicación coa lingua galega como soporte expresivo
- 38- Actualización de contidos das redes sociais da Fundación Eduardo Pondal  
Xullo e agosto. “Escola de Verán. Aulas de inmersión lingüística”
- 39- Durante un espazo de 4 a 6 semanas, traballárase a lingua desde as súas múltiples vertentes (literatura, oralidade, música, etc.) con poboación infantil que reside no contorno, moita dela procedente de núcleos urbanos con tendencia á castelanización (Carballo, Arteixo e A Coruña)
- 40- Aula de inmersión lingüística no verán a través de novas tecnoloxías
- 41- A dinamización destas aulas contarán con monitorado con experiencia, convidados de relevo, contadores, cantadores, titiriteiros, etc.
- 42- Roteiros lingüísticos en autobús en lugares vinculados á lingua galega.
- 43- “ Non des a esquecemento”. Xeira de gravacións lingüísticas sobre a memoria oral na lareira da Fundación Eduardo Pondal con veciños da redonda para compartiren un café e moitos momentos do seu pasado.
- 44- A Cova Céltica
- 45- Sonorizacións das animacións lingüísticas (recitais, música, contadas, roteiros, etc)
- 46- Actualización de contidos das redes sociais da Fundación Eduardo Pondal
- 47- Dinamizacións lingüísticas nocturnas



Setembro. “A lingua viaxeira. Onde o mundo se chama Celanova”

48- “ Non des a esquecemento”. Xeira de gravacións lingüísticas sobre a memoria oral na lareira da Fundación Eduardo Pondal con veciños da redonda para compartiren un café e moitos momentos do seu pasado.

49- A Cova Céltica

50- Roteiro lingüístico á Virxe de Cristal no centenario de Celso Emilio Ferreiro

51- Curso de formación lingüística en canto e escena galega

52- Sonorizacións das animacións lingüísticas (recitais, música, contadas, roteiros, etc)

53- Actualización de contidos das redes sociais da Fundación Eduardo Pondal

Outubro. “XVI Simposio Pondaliano”

54- “ Non des a esquecemento”. Xeira de gravacións lingüísticas sobre a memoria oral na lareira da Fundación Eduardo Pondal con veciños da redonda para compartiren un café e moitos momentos do seu pasado.

55- A Cova Céltica

56- XVI Simposio Pondaliano. Outono Pondaliano (Xornadas lingüísticas e literarias para profesorado dos arredores e alumnado dos centros de ensino do concello)

57- Obradoiro de comunicación coa lingua galega como soporte expresivo

58- Actualización de contidos das redes sociais da Fundación Eduardo Pondal

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.**

A Fundación Eduardo Pondal levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

**MES – CONCEPTO - CUSTO**

|          |  |            |
|----------|--|------------|
| Xaneiro  | Gastos protocolarios de atención a Stivill e convidados na xornada da mocidade | 600,00 €   |
| Febreiro | Gastos de aloxamento actores e dinamizacións lingüísticas                      | 300,00 €   |
| Marzo    | Gastos de formación canto/escena en lingua galega                              | 200,00 €   |
| Abril    | Gastos de formación canto/escena en lingua galega                              | 200,00 €   |
| Maio 1   | Gastos animación Casa da Oralidade   | 4.000,00 € |
| Maio 2   | Gastos actividades animación á lectura   | 400,00 €   |
| Maio 3   | Gatos de formación canto/ escena en lingua galega                              | 200,00 €   |
| Maio 4   | Gastos sonorizacións animacións  | 300,00 €   |
| Maio 5   | Gastos animacións musicais   | 3.150,00 € |
| Xuño 1   | Gastos accións dinamización San Xoán   | 200,00 €   |
| Xuño 2   | Gastos de formación canto/escena en lingua galega                              | 200,00 €   |
| Xu/ Ag 1 | Gastos pola formación e dinamización   | 2.800,00 € |
| Xu/ Ag 2 | Gastos adquisición material funxible   | 400,00 €   |
| Xu/ Ag3  | Gastos intervencións e animación lingüísticas                                  | 300,00 €   |
| Xu/Ag 4  | Gastos dinamización lingüísticas en novas tecnoloxías                          | 200,00 €   |
| Xu/ Ag 5 | Gastos de infraestrutura para Festa da Lingua                                  | 1.500,00 € |
| Setembro | Pagamento servizo transporte a Celanova  | 200,00 €   |
| Outubro  | Gastos relatorio do Simposio Pondaliano e encontro co alumnado                 | 2.500,00 € |
| Coord. 1 | Gastos asesoramento lingüístico, literario e atención a blog e redes sociais   | 6.000,00 € |
| Coord. 2 | Gastos por coordinación xeral  | 6.000,00 € |

|            |  |             |
|------------|--|-------------|
| Coord. 3   | Gastos por coordinacións e desenvolvemento de " Non des a esquecemento"    | 6.000,00 €  |
| Coord.3    | Gastos adquisición material funxible audiovisual " Non des a esquecemento" | 300,00 €    |
| Coord. 4   | Gastos por realización de tarefas de cesión de programas e comunicación    | 6.000,00 €  |
| Apoio      | Gastos por tarefas de apoio ó desenvolvemento dos programas                | 3.000,00 €  |
| Son        | Gastos por sonorización do programa anual                                  | 150,00 €    |
| Gravacións | Gastos por gravacións anuais das distintas actividades                     | 200,00 €    |
| Public. 1  | Gastos de deseño e impresión de cartelería dos programas a desenvolver     | 2.200,00 €  |
| Public. 2  | Gastos por publicitacións en prensa, radio, televisión e internet          | 1.000,00 €  |
| Transporte | Gastos de servizos de transporte nalgunhas actividades                     | 1.000,00 €  |
| Dereitos   | Gastos dos dereitos da Sociedade Xeral de Autores                          | 500,00 €    |
| Dietas     | Gastos de custos de dietas, peaxes e quilometraxes                         | 200,00 €    |
|            | TOTAL  | 50.200,00 € |

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento das actividades, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 40.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 79,6812 % (setenta e nove con seis mil oito centos doce por cento). No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,6812 % (setenta e nove con seis mil oito centos doce por cento), da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0601/334A/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Eduardo

Pondal. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Eduardo Pondal, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Eduardo Pondal deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Fundación Eduardo Pondal tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Eduardo Pondal.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Eduardo Pondal unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da Fundación Eduardo Pondal, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados do **01/01/2012 ao 31/12/2012**, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

#### **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES

antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Eduardo Pondal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Eduardo Pondal para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Eduardo Pondal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Eduardo Pondal na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Eduardo Pondal terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. **A ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A Fundación Eduardo Pondal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Eduardo Pondal deberá contar polo menos cun rexistro

cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Eduardo Pondal poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Eduardo Pondal queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Eduardo Pondal serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Eduardo Pondal será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de xaneiro de 2012**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31/10/ 2013**.

2.Para o caso de que a Fundación Eduardo Pondal non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31/09/2013**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2014**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Eduardo Pondal perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Fundación Eduardo Pondal, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE da FUNDACIÓN  
EDUARDO PONDAL

D. DIEGO CALVO POUSO

D. JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR

**10.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN LUIS TILVE PARA FINANCIAR A IX FASE DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO DA U.G.T. E DOS MOVEMENTOS SOCIAIS DE GALICIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida á Fundación Luís Tilve para financiar a “VI fase do proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.G.T. e dos movementos sociais de Galicia”, no senso de que a subvención sexa destinada a financiar a “IX Fase do proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.G.T. e dos movementos sociais de Galicia, ano 2013” cun orzamento subvencionado de 12.500 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Tilve para financiar a “IX Fase do proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.G.T. e dos movementos sociais de Galicia, ano 2013”

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Jesús Mosquera Sueiro, presidente da Fundación Luís Tilve.

Ambas as dúas partes, en nome e na representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

## EXPOÑEN

1.- A Fundación Luís Tilve é unha institución co carácter de fundación cultural privada, constituída en Santiago de Compostela o día 9 de outubro de 1989, que foi declarada de interese galego por orde do 1 de abril de 1991, da Xunta de Galicia.

2.- A Fundación Luís Tilve é a depositaria do arquivo histórico e documental da U.G.T. Galicia, que lle cedeu a xestión do arquivo, así como a custodia, ordenación e mantemento dos seus fondos.

A Fundación creou o *Arquivo Histórico do Movemento Obreiro*, que forma parte da rede de Arquivos de Galicia e da Rede de Arquivos da U.G.T. e a *Biblioteca Especializada no Mundo do Traballo*, integrada na rede de Bibliotecas de Galicia.

3.- Ambas as dúas partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais referentes aos movementos sociais en Galicia depositados nos arquivos de sindicatos e outros organismos públicos ou privados.

4.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelle ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

5.- Con base nas razóns sinaladas, a Deputación da Coruña vén de financiar o proxecto, mediante os correspondentes convenios de colaboración asinados a partir do ano 2004.

Nestes anos, a Fundación organizou un arquivo que cumpre coas mellores condicións marcadas pola arquivística, organizou unha biblioteca especializada no mundo obreiro e laboral de gran calidade, recompilou material documental en risco de desaparecer e unha gran cantidade de actividades de investigación que axudan a coñecer e comprender o noso pasado.

6.- Nesta novena fase continuarase co labor de clasificación e catalogación; ademais, os traballos tecnolóxicos iniciados ten que mellorarse e actualizarse, o que obriga a un labor de transformación de formatos materiais a dixitais, de descrición en novas bases de datos, etc.

7.- En relación coas bases indicadas subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo para recuperar e conservar o patrimonio documental referente aos movementos sociais en Galicia, de acordo coas seguintes



## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Tilve (NIF: G15169949) para financiar a “IX Fase do proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.G.T. e dos movementos sociais de Galicia, ano 2013”, na que se desenvolverán os seguintes traballos:

#### Traballos na Biblioteca Especializada:

- \* Catalogación de obras ingresadas durante o ano ou pendentes, introducindo a dita catalogación na base de datos de xestión de bibliotecas (Meiga), da Rede de Bibliotecas da Xunta de Galicia.
- \* Catalogación e descrición de audiovisuais.
- \* Formación de alumnos universitarios coa finalidade de que teñan experiencia para ser futuros bibliotecarios.

#### Traballos no Arquivo Histórico:

- \* Identificación, clasificación, ordenación, descrición, localización e expurgo da nova documentación achegada, así como conservación nas mellores condicións.
- \* Actualización do Cadro de Clasificación para engadir as novas series que van xurdindo coa nova documentación, especialmente no relativo ao novo Fondo Oral, así como a súa creación e transferencia aos Sistemas de Gestión Documental Informatizada (SGDI).
- \* Descrición no programa de xestión documental da Rede de Arquivos de Galicia. (ALBALA).
- \* Procura de nova documentación ou material documental en calquera formato, que poida estar en mans particulares.
- \* Realización de copia da documentación que non queira ser doada ou cedida, e que teña valor para o Arquivo.
- \* Dixitalización das novas fotografías, para a súa mellor difusión, conservación e uso, a través de programa informático que permita a consulta, especialmente aos medios de comunicación.
- \* Integración dos descritores nas TIC e SGDI coa fin de poñer en coñecemento dos investigadores, estudantes, historiadores e cidadáns, a documentación e servizos que a Fundación ofrece.
- \* Formación de alumnos universitarios coa finalidade de que teñan experiencia para desenvolver futuras tarefas como arquiteiros e coñecementos técnicos adaptados aos sistemas utilizados polas administracións galegas.

Atención de usuarios:

\* Atención e servizo a investigadores, historiadores, estudantes e público en xeral que precisen de información, consulta ou copia dos materiais postos á súa disposición.

\* Revisión diaria da páxina web.

\* Colaboración con outras entidades (asociacións, universidades, fundacións, administración, etc.) para unha mellor consecución dos obxectivos.

\* Realización de charlas e conferencias que permitan o contacto cos novos investigadores e participación en congresos e xornadas.

\* Realización de melloras técnicas e mecánicas para mellorar o servizo.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Luís Tilve desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

|  |                 |
|--|-----------------|
| * Persoal técnico e administrativo       | 11.740.-        |
| * Materiais funxibles e específicos      | 300.-           |
| Gastos de desprazamento                  | 300.-           |
| Comunicacións e outros gastos indirectos | 160.-           |
| <i>Total</i>                             | <i>12.500 €</i> |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Luís Tilve obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Luís Tilve.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Luís Tilve, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Luís Tilve deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Luís Tilve.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Luís Tilve unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Luís Tilve, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Luís Tilve deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Luís Tilve para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Luís Tilve da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Luís Tilve na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Luís Tilve terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Fundación Luís Tilve deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Fundación Luís Tilve destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Luís Tilve deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Luís Tilve poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Luís Tilve queda sometida aos procedementos de

fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Luís Tilve serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Luís Tilve será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es).

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Fundación Luís Tilve, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

## **11.- APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE PORTO DO SON PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO CASTRO DE BAROÑA DO ANO 2013.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio co Concello de Porto do Son correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o *Programa de*

*actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2013*, cun orzamento subvencionado de 29.467,78 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Porto do Son para financiar o *Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2013*.

A Coruña,

## REÚNENSE

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Don José Luis Oujo Pouso, alcalde-presidente do Concello de Porto do Son, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen, con capacidade legal necesaria e

## MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que desenvolve o Centro de Interpretación do Castro de Baroña, non só no ámbito local senón con influencia en toda a bisbarra do Barbanza.

Que, de acordo coas consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son (CIF: P1507200B) para financiar o *Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2013*, coas seguintes áreas e contidos:

*Actividades:*



- \* Traballo de campo cos centros de ensino, tanto do concello como de fóra, para que coñezan o que é un Centro de Interpretación e para que serve.
- \* Visitas guiadas ao Castro de Baroña e aos petróglifos do concello, dirixidas a escolares e grupos de mozos e adultos.
- \* Impulsar o respecto ao patrimonio arqueolóxico e potenciar o comportamento cívico que evite a súa degradación.
- \* Exposicións arredor do xacemento castrexo.
- \* Xornadas relacionadas co xacemento castrexo.
- \* Presentación de libros e iniciativas culturais.
- \* Participación no Itinerario Arqueolóxico Comarcal.
- \* Conferencias de expertos relacionados co mundo castrexo e coa arqueoloxía.

*Promoción:*

- \* Celebración da Feira Castrexa 2013.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Porto do Son

O Concello de Porto do Son desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

|                     |                    |
|---------------------|--------------------|
| Persoal             | 19.467,78.-        |
| Feira Castrexa 2013 | 10.000,00.-        |
| <i>Total</i>        | <i>29.467,78 €</i> |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000 €, o que representa unha porcentaxe do 67,87 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 67,87 % da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46200, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Porto do Son obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Porto do Son o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Porto do Son axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.-O Concello de Porto do Son comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Porto do Son.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Porto do Son do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (67,87 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

\* Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* Certificación expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

\* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* Acreditación do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Porto do Son terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Porto do Son deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Porto do Son para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Porto do Son da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1.- O Concello de Porto do Son deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Porto do Son destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia

bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

#### X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Porto do Son poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Porto do Son queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co

límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Porto do Son serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Porto do Son será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude do Concello de Porto do Son, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Porto do Son, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento. “

## **12.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN DA PRENSA DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “ESTUDO DO NOME DAS RÚAS. COMARCAS DE BARBANZA, NOIA E O SAR: ANUALIDADE 2013”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Asociación da Prensa da Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de 25.000 €, concedida para financiar o proxecto *Estudio do nome das rúas. Comarcas do Barbanza, Noia e Sar: anualidade 2013*, cun orzamento subvencionado de 38.000 €.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto *Estudio do nome das rúas. Comarcas de Barbanza, Noia e Sar: anualidade 2013*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Manuel González Menéndez, presidente da Asociación da Prensa da Coruña  
Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

2.- A Asociación da Prensa da Coruña, dentro das actividades dirixidas ao rescate da memoria dos principais creadores xornalísticos e literarios da cidade e de Galicia, está a realizar unha liña especializada de publicacións, sobre a presenza dos xornalistas nos rúas das cidades, cunha dobre finalidade: a posta en valor do coñecemento de xornalistas e a súa implantación social a través dos rúas das cidades.

3.- Dende o ano 2008 tense realizado os estudos da presenza dos xornalistas nos rúas da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, As Mariñas (Betanzos, Culleredo, Cambre, Oleiros, Bergondo, Abegondo, Carral, Sada e Arteixo) e Bergantiños-Costa da Morte (A Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas).

Como continuación destes traballos, no ano 2013 realizarase o estudo: *Comarcas do Barbanza, Noia e Sar*, no que se recollerán os nomes dos xornalistas que dan nome a rúas en Boiro, Pobra do Caramiñal, Rianxo e Ribeira; Lousame, Noia, Outes e Porto do Son e Dodro, Padrón e Rois.

Con este proxecto preténdese salientar o papel de determinados xornalistas que fixeron historia no só no mundo da comunicación, tamén no ámbito da cultura galega nos dous últimos séculos, especialmente os máis vinculados ao rexurdimento galego a fins do século XIX e principios do XX.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña coinciden en valorar positivamente esta liña de publicacións polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio con arranxo ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña (CIF: 15032006) para financiar o proxecto *Estudio do nome das rúas. Comarcas do Barbanza, Noia e Sar: anualidade 2013*, que se realizará nas seguintes fases:

- \* Localización e avaliación das personaxes.
- \* Busca documental: literaria e gráfica.
- \* Elección dos autores dos textos.
- \* Realización do material gráfico actual: localización das rúas nos concellos.
- \* Elaboración da premaqueta e infografía.
- \* Redacción de textos.
- \* Edición e impresión.
- \* Distribución.
- \* Presentación da obra.

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria



A Asociación da Prensa da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

|                          |                 |
|--------------------------|-----------------|
| Redacción, colaboracións | 10.000.-        |
| Documentación, materiais | 2.000.-         |
| Fotografía, infografía   | 3.500.-         |
| Deseño, maquetación      | 4.500.-         |
| Edición                  | 12.000.-        |
| Distribución             | 4.000.-         |
| Varios                   | 2.000.-         |
| <i>Total</i>             | <b>38.000 €</b> |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000 €, o que representa unha porcentaxe do 65,79 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,79 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación da Prensa da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación da Prensa da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación da Prensa da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación da Prensa da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación da Prensa da Coruña.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación da Prensa da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación da Prensa da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación da Prensa da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación da Prensa da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación da Prensa da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación da Prensa da Coruña na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación da Prensa da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación da Prensa da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación da Prensa da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación da Prensa da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación da Prensa da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55<sup>a</sup>.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación da Prensa da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación da Prensa da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Previa solicitude da Asociación de Prensa da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **13.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA A CELEBRACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA 2013.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio co Concello de Ortigueira correspondente á subvención nominativa, por importe de 80.000 €, concedida para financiar o *Festival Internacional do Mundo Celta 2013*, cun orzamento subvencionado de 300.000 €.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ortigueira para a celebración do *Festival Internacional do Mundo Celta 2013*

A Coruña,

## REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude da facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Rafael Girón Martínez, Alcalde do Concello de Ortigueira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

## EXPOÑEN

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Ortigueira exercen competencias en materia de actividades culturais e de promoción, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento das fins previstas na normativa vixente.

2.- No Concello de Ortigueira vense celebrando dende 1978 o *Festival Internacional do Mundo Celta*, o cal acadou renome tanto a nivel nacional, como internacional, promovendo ao Concello de Ortigueira e, dunha forma indirecta no ámbito cultural, turístico e social á provincia e á Comunidade Autónoma que o declarou de interese turístico para Galicia.

3.- Actualmente o *Festival Internacional do Mundo Celta*, foi declarado de interese turístico nacional e, no ano 2005, foi declarado de interese turístico internacional polo Goberno de España. Por todo iso debe coidarse moito a calidade da programación artística, infraestruturas e servizos, de xeito que acade en cada edición, un nivel máis alto; isto supón uns gastos que non poden ser financiados exclusivamente a través dos orzamentos xerais do concello.

4.- Atendendo á finalidade da actuación que pretende o Concello de Ortigueira e tratándose dun evento cultural e turístico que, ademais, promociona en diversos ámbitos ao concello e, polo tanto, susceptible de recibir axudas da Deputación, a través do seu orzamento de gastos, é polo que ambas as dúas administracións acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes

## CLAUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ortigueira (CIF: P1506200C) que permita a celebración do *Festival Internacional do Mundo Celta 2013* os días 11, 12, 13 e 14 de xullo de 2013.

## II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Ortigueira

O Concello de Ortigueira desenvolverá as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

### 1.- Actuacións musicais e contratacións artísticas

Cachés de grupos, viaxes bandas de música, desprazamentos, hotéis 108.000.-

### 2.- Escenarios e produción. Aluguer de infraestruturas

Escenarios, iluminación, son, electricidade, xeradores, produción, persoal de produción, de son, técnicos, backline, tarimas de escenario 71.000.-

3.- Aloxamento e manutencións 35.000.-

### 4.- Publicidade, promoción

Merchandising, anuncios, traballos gráficos, exposicións fotográficas, electricidade 25.000.-

5.- Protección Civil e seguridade privada 26.000.-

### 6- Servizos xerais e infraestruturas

Módulos de aseos e duchas, diáfanos, tractor cisterna, material diverso para servizos, limpeza zona de concertos 25.000.-

### 7.- Prensa, vídeo e relacións externas

Servizo de prensa, vídeos oficiais, servizos externos 10.000.-

*Total gastos* 300.000 €

## III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 80.000 €, o que representa unha porcentaxe do 26,667 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustifico non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 26,667 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que



existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ortigueira obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación e execución

1.- Corresponderalle ao Concello de Ortigueira o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ortigueira axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- O Concello de Ortigueira incluírá en toda a publicidade que realice con motivo do *Festival Internacional do Mundo Celta* e na súa páxina web á Deputación Provincial da Coruña como institución que subvenciona o evento. Ademais reservarase un espazo no recinto do Festival para que esta poida instalar un posto e así mesmo un tempo destinado á emisión de vídeos publicitarios da Deputación entre as actuacións artísticas do escenario principal.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ortigueira.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ortigueira do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (26,667 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

\* Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* Certificación expedida polo Interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

\* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* Acreditación do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ortigueira terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ortigueira deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ortigueira para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ortigueira da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Ortigueira deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Ortigueira destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

#### X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ortigueira poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ortigueira queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención

outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ortigueira serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ortigueira será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

#### XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Previa solicitude do Concello de Ortigueira, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ortigueira, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento. “

**14.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA E EN CONSECUENCIA TRANSFERIR A TITULARIDADE A AEROPUERTOS ESPAÑOLES Y NAVEGACIÓN AÉREA (AENA) (ADSCRITA AO MINISTERIO DE FOMENTO-ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO) O TRAMO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL DP 3104 REFLECTIDO NO PLANO QUE FIGURA NO EXPEDIENTE (TRAMO A) ENTRE PK 0+000 E 0+600 PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN DA PISTA DO AEROPORTO E ACEPTAR A ENTREGA DA VARIANTE DA ESTRADA PROVINCIAL DP 3104 POR PARTE DE AEROPUERTOS ESPAÑOLES Y NAVEGACIÓN AÉREA (AENA) (ADSCRITA AO MINISTERIO DE FOMENTO-ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO) Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, REFLECTIDA NO PLANO QUE FIGURA NO EXPEDIENTE (TRAMO B).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade a AENA (adscrita ao Ministerio de Fomento-Administración Xeral do Estado) o tramo antigo da estrada provincial D.P. 3104 reflectido no plano que figura no expediente (tramo A) entre pk 0+000 e o 0+600 para a execución da obra de ampliación da pista do aeroporto.

2.- Aceptar a entrega da variante da estrada provincial D.P. 3104 por parte de AENA (adscrita ao Ministerio de Fomento-Administración Xeral do Estado) á Deputación Provincial da Coruña, reflectida no plano que figura no expediente (tramo B).

3.- Formalizar con AENA (adscrita ao Ministerio de Fomento-Administración Xeral do Estado) as correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de destino dos bens.

4.- Dar de baixa no Inventario de Bens da Deputación Provincial da Coruña o tramo antigo da estrada provincial D.P. 3104 reflectido no plano que figura no expediente (tramo A) entre pk 0+000 e o 0+600 para a execución da obra de ampliación da pista do aeroporto.

5.- Dar de alta no Inventario de Bens da Deputación Provincial da Coruña a variante da estrada provincial D.P. 3104 por parte de AENA (adscrita ao Ministerio de

Fomento-Administración Xeral do Estado) á Deputación Provincial da Coruña, reflectida no plano que figura no expediente (tramo B).”

**15.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE MUROS PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL DE MUROS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Muros para financiar a adquisición dun vehículo para a Policía Local do devandito concello cunha achega de 24.000,00 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 72,87%), sobre un orzamento subvencionable de 32.934,02 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/132A/76201.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUROS PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICION DUN VEHICULO PARA A POLICIA MUNICIPAL

A Coruña, a

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sra. D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño, alcaldesa-presidenta do Concello de MUROS

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ambas as dúas partes

**A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de MUROS, CIF: P 1505400 J para o financiamento da adquisición dun vehículo para a Policía Local do Concello

## II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello de MUROS, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 32.934,02 EUROS.

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 24.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de 72,87%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos ( propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,87%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/132A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

2.No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.



## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial

2.Adquirido o ben, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
  - persoa adxudicataria,
  - importe do contrato
  - e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada)
- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de MUROS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de MUROS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

## XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada o 21 de decembro do 2012.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN A ALCALDESA-PRESIDENTA DO  
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE MUROS

Diego Calvo Pouso

Caridad González Cerviño

**16.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE NOIA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE URBANIZACIÓN RÚA PEDRA SARTAÑA, 1ª FASE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Noia para financiar as obras incluídas no proxecto URBANIZACIÓN RUA PEDRA SARTAÑA, 1ª FASE cunha achega de 40.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%) sobre un orzamento subvencionable de 50.000 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/155A/76201.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NOIA PARA FINANCIAR A OBRA DE URBANIZACION RÚA PEDRA SARTAÑA, 1 FASE

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. alcalde-presidente do Concello de NOIA, D. Rafael García Guerrero.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de NOIA ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de NOIA con CIF P-1505800-A para o financiamento da obra de URBANIZACION RUA PEDRA SARTAÑA, 1 FASE , tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por J. VENTURA FERNANDEZ SARASQUETE

2- O Concello de NOIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de NOIA, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, se detalla do seguinte xeito:

|                                      |                 |
|--------------------------------------|-----------------|
| P. E.M:                              | 34.724,63 euros |
| Gastos xerais 13,00%                 | 4.514,20 euros  |
| Beneficio Industrial 6,00 %          | 2.083,48 euros  |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO       | 8.677,69 euros  |
| PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA | 50.000,00 euros |

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 40.000 euros o que representa unha porcentaxe de 80%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/155A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de NOIA de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe na dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de NOIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de NOIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que o Concello de NOIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de NOIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de NOIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren pólo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de NOIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.



- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de NOIA na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de NOIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

#### VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de NOIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de NOIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de NOIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de NOIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de NOIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de NOIA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de NOIA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de NOIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de NOIA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún

caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de NOIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de NOIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do data \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE NOIA

DIEGO CALVO POUSO

RAFAEL GARCIA GUERRERO

#### **17.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE AMES PARA FINANCIAR ACTUACIÓNS NA CONTORNA DO CAMPO DE FÚTBOL DE BERTAMIRÁNS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ames para financiar as obras incluídas no proxecto de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Ames para financiar as obras de ACTUACIÓNS NA CONTORNA DO CAMPO DE FUTBOL EN BERTAMIRANS cunha achega provincial de 45.860,76

euros (o que supón unha porcentaxe de financiamento do 78,06%) sobre un orzamento subvencionable de 58.749,54 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/342A/76201.

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACION DA OBRA ACTUACIÓNS NA CONTORNA DO CAMPO DE FÚTBOL EN BERTAMIRANS

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Santiago Amor Barreiro, alcalde presidente do Concello de Ames

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ames ambas as dúas partes

### ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames con CIF P1500200I , para o financiamento da obra de “ACTUACIÓNS NA CONTORNA DO CAMPO DE FUTBOL EN BERTAMIRANS”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por SALGADO E LIÑARES, Arquitecto –Enxeñeiros

2.O Concello de Ames, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez

rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Ames, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, se detalla do seguinte xeito:

|   |                 |
|---|-----------------|
| P. E.M:_____                              | 41.838,44 euros |
| GASTOS XERAIS_____                        | 5.439,00 euros  |
| BENEFICIO INDUSTRIAL_____                 | 2.510,31 euros  |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO_____       | 8.961,79 euros  |
| PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_____ | 58.749,54 euros |

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 45.860,76 euros, o que representa unha porcentaxe de 78,061%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos ( propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,061% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese o Concello de Ames de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Ames o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No procedemento de contratación, o Concello de Ames axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Ames tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Ames estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56<sup>a</sup> das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Ames pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

\* Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

\* Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

\* Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

\* Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

\* Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Ames deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ames para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.



A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ames da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O Concello de Ames deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de Ames destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ames poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ames queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ames serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ames será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de Ames non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ames perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE AMES

DIEGO CALVO POUSO

SANTIAGO AMOR BARREIRO”

**18.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE TORDOIA PARA FINANCIAR O CATÁLOGO DE RECURSOS TURÍSTICOS E PROGRAMA DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Tordoia para financiar o CATALOGO DE RECURSOS TURISTICOS E PROGRAMA DE PROMOCIÓN TURISTICA DO CONCELLO cunha achega de 40.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100%), sobre un orzamento subvencionable de 40.000 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/432A/76201.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DE CATALOGO DE RECURSOS TURISTICOS E PROGRAMA DE PROMOCION TURISTICA DO CONCELLO

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. \_\_\_\_\_, alcalde presidente do Concello de Tordoia

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Tordoia ambas as dúas partes

**A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

## I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Tordoia CIF; P-1508500D para o financiamento do CATÁLOGO DE RECURSOS TURISTICOS E PROGRAMA DE PROMOCION TURISTICA DO CONCELLO

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO             | IMPORTE |
|----------------------|---------|
| 1. Gastos de persoal | 30.000  |
| 2. Consumibles       | 5.000   |
| 3. Outros Gastos     | 5.000   |
| TOTAL                | 40.000  |

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 40.000 €, o que representa unha porcentaxe de 100%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100%, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432A/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público

3. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na Base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2013 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

4.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao de oficio esta.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no



que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro do 2013

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE TORDOIA

Diego Calvo Pouso”

**19.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PORTO DO SON PARA FINANCIAR O PROXECTO DE CONSERVACIÓN ARQUEOLÓXICA PARA A POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Porto do Son para financiar o proxecto de CONSERVACIÓN ARQUEOLÓXICO PARA A POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA cunha achega de 29.618,38 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 50%), sobre un orzamento subvencionable de 59.236 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/334B/762.01.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PORTO DO SON PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DO PROXECTO DE CONSERVACION ARQUEOLÓXICA E POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA

A Coruña, a sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. \_\_\_\_\_, alcalde presidente do Concello de PORTO DO SON

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de PORTO DO SON ambas as dúas partes

**A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de PORTO DO SON CIF; P-1507200B para o financiamento do PROXECTO DE CONSERVACION ARQUEOLÓXICA E POSTA EN VALOR DO CASTRO DE BAROÑA

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA**

O orzamento máximo para a adquisición ascende a 59.236 EUROS.

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 29.618,38 €, o que representa unha porcentaxe de 50%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 50%, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/334B/762.01 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na Base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2013 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle

corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que o presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10

por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCÍON CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro do 2013.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da



Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE PORTO DO SON

Diego Calvo Pouso”

#### **20.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS PARA FINANCIAR AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE XIMNASIO NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Oza dos Ríos para financiar as obras consistentes na construción dun ximnasio no polideportivo municipal de Oza dos Ríos cunha achega de 41.221,35 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 78,02%) sobre un orzamento subvencionable de 52.836,69 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/342A/762.01.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS PARA FINANCIAR A CONSTRUCCIÓN DE XIMNASIO EN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr.D. Pablo González Cacheiro alcalde presidente do Concello de Oza dos Ríos

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oza dos Ríos ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza dos Ríos con CIF P-1506400-I, para o financiamento das OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE XIMNASIO NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL tal como aparece definida esta nos proxectos técnico de execución redactado por Don Antonio López Rodríguez , (ARQUITECTO colegiado con número 3054).

2- O CONCELLO DE OZA DOS RIOS, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra CONSTRUCCIÓN DE GIMNASIO EN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL; está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a CONCELLO DE OZA DOS RIOS, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, se detalla do seguinte xeito:

|                                      |             |
|--------------------------------------|-------------|
| P. E.M:                              | 36.694,70 € |
| GASTOS XERAIS                        | 4.770,31 €  |
| BENEFICIO INDUSTRIAL                 | 2.201,68 €  |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO 21%-  | 9.170,00€   |
| PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA | 52.836,69 € |

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 41.221,35 € o que representa unha porcentaxe de 78,02% do presuposto de execución das obras. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,02 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao CONCELLO DE OZA DOS RIOS de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Oza dos Ríos obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE OZA DOS RIOS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No procedemento de contratación, a CONCELLO DE OZA DOS RIOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o CONCELLO DE OZA DOS RIOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE OZA DOS RIOS estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56<sup>a</sup> das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da CONCELLO DE OZA DOS RIOS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- i. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- ii. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- iii. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- iv. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- v. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- i. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- ii. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- iii. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- iv. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- v. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- vi. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da CONCELLO DE OZA DOS RIOS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- vii. Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3.O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO DE OZA DOS RIOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE OZA DOS RIOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.Unha vez rematadas as obras, a CONCELLO DE OZA DOS RIOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Oza dos Ríos para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONCELLO DE OZA DOS RIOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE OZA DOS RIOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O CONCELLO DE OZA DOS RIOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CONCELLO DE OZA DOS RIOS poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade

para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE OZA DOS RIOS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da CONCELLO DE OZA DOS RIOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE OZA DOS RIOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que O CONCELLO DE OZA DOS RÍOS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013 deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE OZA DOS RIOS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das



institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CONCELLO DE OZA DOS RIOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE OZA DOS RIOS

DIEGO CALVO POUSO

PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO”

**21.- APROBACIÓN DO CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CO CONCELLO DE CESURAS PARA FINANCIAR AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE PÉRGOLA METÁLICA NO CAMPO DA FESTA DE CUTIÁN (CESURAS) POLA CONSTRUCCIÓN DE NAVE ABERTA METÁLICA NO CAMPO DA FESTA DE CUTIÁN E APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CESURAS PARA FINANCIAR A CONSTRUCCIÓN DE NAVE ABERTA METÁLICA NO CAMPO DA FESTA DE CUTIÁN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar o cambio de denominación da subvención nominativa co Concello de Cesuras para financiar as obras de construción de pérgola metálica no campo da festa de Cutián parroquia de Cutián (Cesuras) pola seguinte: CONSTRUCCIÓN DA NAVE METÁLICA NO CAMPO DA FESTA DE CUTIÁN PARROQUIA DE CUTIÁN-CESURAS.

B) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cesuras para financiar as obras incluídas no proxecto de obras CONSTRUCCIÓN DA NAVE ABERTA METÁLICA NO CAMPO DA FESTA DE CUTIÁN PARROQUIA DE CUTIÁN – CESURAS cunha achega de 40.929,08 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 97,52% sobre un orzamento subvencionable de 41.969,65 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/151B/762.01.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE NAVE ABERTA METÁLICA NO CAMPO DA FESTA DE CUTIÁN T.M. CESURAS

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. D. Julián Lucas Ramírez, alcalde-presidente do Concello de Cesuras

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cesuras ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas

### I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cesuras con CIF P-1502600-H, para o financiamento DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE NAVE ABERTA METÁLICA NO CAMPO DA FESTA DE CUTIÁN T.M. CESURAS tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por D. Antonio López Panete, (ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL)

2- O CONCELLO DE CESURAS, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra CONSTRUCCIÓN DE NAVE ABERTA METÁLICA NO CAMPO DA FESTA DE CUTIÁN T.M. CESURAS está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a CONCELLO DE CESURAS, comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, se detalla do seguinte xeito:

P. E.M: \_\_\_\_\_ 29.147,61 €

|                                      |             |
|--------------------------------------|-------------|
| GASTOS XERAIS                        | 3.789,19 €  |
| BENEFICIO INDUSTRIAL                 | 1.748,86 €  |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO 21%-  | 7.283,99 €  |
| PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA | 41.969,65 € |

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 40.929,08 € o que representa unha porcentaxe do 97,52% do presuposto de execución das obras.

2.No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 97,52 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/151B/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao CONCELLO DE CESURAS de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Cesuras obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE CESURAS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No procedemento de contratación, o CONCELLO DE CESURAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o CONCELLO DE CESURAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, O CONCELLO DE CESURAS estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1.Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da CONCELLO DE CESURAS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
2. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico

designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

2. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
6. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE CESURAS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
7. Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO DE CESURAS na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE CESURAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

#### VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2.Unha vez rematadas as obras, a CONCELLO DE CESURAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cesuras para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a

perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONCELLO DE CESURAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE CESURAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A CONCELLO DE CESURAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CONCELLO DE CESURAS poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE CESURAS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 € E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONCELLO DE CESURAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE CESURAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2013 . Para o caso de que O CONCELLO DE CESURAS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2013 deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CESURAS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3.Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CESURAS, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data

---

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.



PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE CESURAS

DIEGO CALVO POUSO

JULIAN LUCAS RAMÍREZ

**22.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA E APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E A ENTIDADE MISELA (ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA NOIA-MUROS), CON SEDE NO CONCELLO DE NOIA, PARA FINANCIAR O “EDIT” EQUIPO DE DESENVOLVEMENTO INFANTIL E ATENCIÓN TEMPERÁ EN 2012.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a concesión de subvención nominativa e aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e a entidade MISELA (Asociación de persoas con discapacidade da comarca Noia-Muros), con sede no Concello de Noia, para financiar o “EDIT” EQUIPO DE DESENVOLVEMENTO INFANTIL E ATENCIÓN TEMPERÁ NO 2012, cunha achega de 20.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 66,44%) sobre un orzamento subvencionable de 30.101,82 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0701/231E/481.

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE MISELA (ASOCIACION DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA NOIA - MUROS) PARA O FINANCIAMENTO DO EQUIPO DE DESENVOLVEMENTO INFANTIL E ATENCIÓN TEMPERA “E.D.I.T.” NO ANO 2012

En

Reunidos

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. presidente da ENTIDADE: María del Carmen Hermida Santamaría.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

E competente a Deputación para esta colaboración, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36, Lei de admón. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, e Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

A entidade sen ánimo de lucro, Asociación MISELA, ten dentro dos seus obxectivos promover o desenvolvemento persoal e social das persoas con discapacidade, a través da atención individualizada e interdisciplinar dende a infancia.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade MISELA, ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACION MISELA CIF G-15450208 ), para o cofinanciamento do equipo de desenvolvemento infantil e atención temperá E.D.I.A.T. no 2012.

O equipo prestará servizos integrais de atención a nenos e nenas con trastornos no seu desenvolvemento ou risco de padecelos de 0 a 16 anos, mediante os seguintes programas: atención individualizada, programas de transición á vida adulta, terapias, asesoramento en adaptación funcional, actividades deportivas e de ocio, atención ás familias, coordinación coa contorna e seguimento dos casos.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| CONCEPTO             |  | Nº UNIDADES.<br>Marzo a decembro | PREZO<br>UNITARIO | IMPORTE.    |
|----------------------|--|----------------------------------|-------------------|-------------|
| 1. GASTOS DE PERSOAL | 1.1.Soldos e salarios                      |                                  |                   |             |
|                      | Fisioterapeuta.....                        | 7 meses.....                     | 1.603/1.658,47.   | 24,805,63 € |
|                      | Auxiliar Fisioterapia...                   | 10 meses.....                    | 669.55 .          |             |
|                      | Terapeuta ocupacional                      | 5 meses.....                     | 1.617,67          |             |
|                      | 1.2. Seguridade Social a cargo da entidade |                                  |                   | 5.296,19 €  |
|                      |  |                                  |                   |             |
|                      |  |                                  |                   |             |
|                      |  |                                  |                   |             |
|                      |  |                                  |                   |             |
| TOTAL                |  |                                  |                   | 30.101,82 € |

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 66,44% .

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 66,44%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento

da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231e/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á ENTIDADE BENEFICIARIA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións

impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, número de persoas atendidas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2.Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA , DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos

xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida e autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,

segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es .

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro ata o 31 decembro 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do presente ano.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3.Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O PRESIDENTE DA ENTIDADE  
PROVINCIAL DA CORUÑA

Diego Calvo Pouso.”

**23.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA E APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE LAXE PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS DE PERSOAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS NO ANO 2012.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a concesión de subvención nominativa e aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de LAXE para o financiamento de gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios básicos no ano 2012, cunha achega de 40.000 euros para financiar os gastos de persoal de Servizos Sociais Comunitarios no ano 2012 (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 19,33%) sobre un orzamento subvencionable de 206.899,59 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0701/232A/46201.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LAXE PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS DE PERSOAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BASICOS NO ANO 2012.

A Coruña, ..... de.....de..... na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. \_\_\_\_\_, alcalde-presidente do Concello de LAXE

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Que a Deputación Provincial é competente para proporcionar apoio técnico, económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, ao abeiro do disposto na Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36, na Lei de



administración local de Galicia 5/97 arts 109 a 119, así como na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art 63 a cal establece que as Deputacións proporcionaranlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles con menos de vinte mil habitantes, e Decreto do 16 marzo 2012 da Consellería de Traballo e Benestar que define os servizos comunitarios básicos.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de LAXE, ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de LAXE CIF ....., para o financiamento dos gastos de persoal ( salario e seguridade social ) dos servizos sociais comunitarios básicos que se definen no Decreto 16 marzo 2012 que desenvolve a Lei de servizos sociais 13/2008: A traballadora social do servizo de información e orientación, o persoal auxiliar da axuda no fogar, a técnica de intervención familiar do apoio a unidade de convivencia e a mestra de aula de adultos.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO                          | Nº UNIDADES | Salario e seg social anual | IMPORTE subvención |
|-----------------------------------|-------------|----------------------------|--------------------|
| Traballadora social               | 1           | 36.209,81 €                | 6.999,36 €         |
| Auxiliares axuda no fogar         | 11          | 126.702,44 €               | 16.000,00 €        |
| Técnica de intervención familiar. | 1           | 27.329,86 €                | 13.000,00 €        |
| Mestra de aula de adultos.        | 1           | 16.657,48 €                | 4.000,00 €         |
| TOTAL.....                        |             | ...206.899,59 €.....       | 40.000,00 €        |

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 40.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 19,33% do orzamento subvencionado que ascende a 206.899,59 euros. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 19,33% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos

acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/232A/462.01 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade 2012 existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de LAXE de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de LAXE o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de LAXE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello de LAXE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do concello de LAXE.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Rematada completamente a realización da actividade, tramitarase o pagamento a prol da CONCELLO DE LAXE pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONCELLO DE LAXE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente, se procede.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O CONCELLO DE LAXE estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.

2.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONCELLO DE LAXE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE LAXE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII.- TERMO PARA A EXECUCIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2012.

2. Unha vez realizada a actividade o Concello de LAXE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de LAXE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de LAXE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello de LAXE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de LAXE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE LAXE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O CONCELLO DE LAXE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O CONCELLO DE LAXE poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, O CONCELLO DE LAXE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de LAXE serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o Concello de LAXE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2013.

2.Para o caso de que o Concello de LAXE non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do concello de Carballo respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por  
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE LAXE

Diego Calvo Pouso

**24.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ESCUELA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL (EOI) PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO PROXECTO “DESENVOLVEMENTO DUN CENTRO DE EXCELENCIA PARA O IMPULSO DA INNOVACIÓN NAS PEME DA PROVINCIA DA CORUÑA”.**

INTERVENCÍONS

Sr. Regueira Varela

Bo día, antes de nada desexarlle sorte e darlle a benvida en nome do Bloque Nacionalista Galego ao novo deputado e anunciar que imos votar en contra deste punto. Vou intentar expoñer o porqué.

Levamos falado moito e moitas veces neste Pleno sobre a necesidade de reducir, simplificar, evitar duplicidades entre administracións, etc., etc, pero moitas veces dámos a sensación de que é moi diferente o que se fala ás veces do que realmente despois se fai. Nós entendemos que nun momento como este, onde é tan necesario o apoio ao empresariado e o apoio á formación de desempregados e desempregadas, Galicia conta con instrumentos deseñados xustamente para iso e que son útiles, e que non están sendo dinamizados, senón todo o contrario, estáselle recortando fondos continuamente, por falar do máis significativo, o IGAPE, que ten, entre outras, as mesmas funcións que esta organización, esta Fundación, coa que se propón hoxe aquí un convenio. Por outra banda, tamén se están poñendo todo tipo de atrancos a que os axentes de desenvolvemento local cos que viñamos contando nos concellos, se poidan renovar eses contratos, persoas que durante moitos anos, asentadas no territorio, levan traballado co tecido empresarial tamén asentado neste mesmo territorio dos concellos da provincia. Non se está investindo o que se debe investir na reactivación e na dinamización das UPD e incluso se está constrinxindo e asfixiando ás Cámaras de Comercio para que manteñan recursos como os viveiros de empresa, etc., etc.

Nós cremos que non é momento, seguramente, de apostar por outras cuestións, que non dubido da súa boa fe, e da súa eficiencia á hora de xestionar recursos públicos, pero cremos que temos outros instrumentos moito máis ligados ao territorio, que necesitan do apoio das institucións para seguir desenvolvendo un importantísimo labor que viñeron desenvolvendo nos últimos anos. Ademais dubidamos de que unha organización que propón un investimento directo e real de 500.000 euros como vén na proposta do presuposto, e que ten contemplado que a súa dirección custe 130.000 euros, pois nós xa dubidamos que vaia ser un instrumento útil.

Por resumir, nós entendemos que hai que apostar polo IGAPE que ten entre as súas funcións, e moitas outras, as mesmas que se propoñen aquí, que debemos

de seguir apostando pola continuidade dos axentes e das axentes de desenvolvemento local nos concellos, se eu non estou equivocado, esa mesma asociación de axentes de desenvolvemento local propuxéronlle un convenio a esta Deputación, e debemos de seguir apostando polas UPD e incluso por colaborar coas cámaras de comercio no mantemento de servizos, e de asesoramento e de aposta pola innovación nas empresas. Polo tanto, como cremos que esa é a vía que debemos seguir mantendo, imos votar en contra deste convenio que, por outra parte, é un convenio que se lle está propoñendo a outras administracións locais porque esta mesma fundación está propoñendo convenios en concellos para o mesmo obxecto, e co mesmo investimento proposto para a totalidade da provincia, polo tanto cremos que non está moi clarificado o obxecto deste convenio e cremos que hai, xa digo, outros instrumentos dedicados ao mesmo, que non temos porque solapar e que necesitan tamén do investimento. Polo tanto, preferimos seguir contando e apostando polo que xa hai, en vez de inventarnos cuestións novas.

#### Sr. Ruiz Rivas

Sr. Presidente, Sres. Deputados, vou explicar as razóns e as causas porqué este Grupo vai votar afirmativamente a este convenio, un convenio no que participa dunha actuación importante cunha cantidade que non chega aos 200.000 euros, e que tan só supón o vinte por cento da actuación e, polo tanto, o que queremos coa nosa axuda é crear as sinerxías necesarias para seguir traballando cara a ir reducindo o espectáculo, por así dicilo, deste país co paro que ten.

Nestes momentos eu creo que unha das fontes máis importantes para buscar o que é reducir ese paro está no autoemprego, está na innovación, está nos emprendedores, e por iso creo que os órganos ou organismos que aquí se mencionaron, como pode ser o IGAPE, que presta unha función totalmente diferente á que aquí se pretende, ou ben tanto os orientadores ou ADL locais, que non estarían preparados realmente para levar adiante un programa como o que aquí se pretende, que é nin máis nin menos, crear un centro de excelencia dentro da provincia da Coruña, que se converta nun centro consultor neurálxico para todas as PEME, que se poida incrementar a través desas accións a competitividade, a través de actividades de investigación, desenvolvemento e innovación e que, polo tanto, se vostedes estudan o que pretende este proxecto, nada ten que ver cos que aquí se mencionaron por parte do Bloque Nacionalista Galego.

Destá forma poderíamos desenvolver actuacións de creación e consolidación de empresas de base tecnolóxica no marco das accións que executa a Escola de Organización Industrial.

Polo tanto, este é un programa que o que pretende é desde detectar, incubar, acompañar, acelerar proxectos empresariais, preferentemente os portados por novos empresarios, que xurdan de ideas de emprendemento e a Deputación creo que debe estar presente en todo tipo de actuacións e programas que, como o que aquí temos, se pretendan levar adiante.

Polo tanto, a Deputación que subministrará un espazo físico, como saben temos infraestruturas de sobra para que iso non implique ningún gasto para este ente, vai achegar, como antes dicía, eses 198.000 euros, que supoñen un vinte por cento



do total de 900.000 euros, co voto a favor, cando menos, deste Grupo da Deputación, moitas grazas Sr. Presidente.

Sr. Regueira Varela

Ben, cada quen fai a lectura do proxecto como considera. A min paréceme aventurado, Sr. Rivas, dicir que os ADL do territorio, dos concellos, non estarían preparados para facer este tipo de funcións, eu coñezo o ADL do meu concello, que ademais é dunha área de xestión, que me toca xestionar a min, e paréceme unha persoa excelentemente preparada, que leva feito un traballo estupendo no territorio cos empresarios do meu concello.

De todos xeitos eu dígolle que aquí veñen especificadas varias accións que son as que fai habitualmente o ADL do meu concello, e a min non me parecen para nada innovadoras, nin cunha excelencia superior ás que se veñen facendo no territorio, e non me parecen moi diferentes das que tamén fai o IGAPE ou das que fixeron as cámaras, ou seguen facendo as cámaras de comercio.

A min gustaríame, e isto teremos tempo a avalialo cando se poña en marcha, porque sairá adiante, que teñen vostedes maioría suficiente, pero aquí veremos que persoal e que perfil de persoal se contrata aí, e cal é a dirección do centro, despois poderemos sacar as nosas propias conclusións, pero vostede está dicindo que son 198.000 euros, que é o vinte por cento do investimento, ese investimento, insisto, tamén se está propoñendo para outros convenios en outras administracións locais, outros concellos da provincia, veremos en qué acaba todo isto, e veremos que técnicos se seleccionan para facer os adestramentos a programas individualizados que aquí veñen contemplados e todo isto. Aí é seguramente onde poidamos sacar conclusións, eu realmente algo que empeza dicindo que a dirección custa 130.000 euros, e que vai investir 500.000 euros, non no ámbito da provincia nada máis, preferiblemente ou preferentemente a provincia, pero vaise investir en toda Galicia, pois ben, a min xa me fai dubidar, porque practicamente custa tanto dirixilo como o que vai investir, a min xa me fai dubidar.

E logo o gasto da Deputación, eu supoño que o gasto corrente do edificio tamén nos será computado a nós, entón algo máis tamén imos poñer seguramente, eu creo que temos instrumentos, temos axentes preparados no territorio, axentes que poden perder o emprego, é dicir, poden incrementar incluso as listas do paro, hoxe está en primeira liña de acción os datos da EPA, entón eu creo que hai que apostar polo que xa hai que funcionou, e oxalá isto funcione marabillosamente, pero eu creo que nos estamos equivocando, e creo que deberíamos apostar por algo que realmente veu funcionando no territorio da provincia e que é necesario aínda para os concellos.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, non pensaba intervir neste punto, pero como hai debate, gustaríame fixar a posición do Grupo Socialista. Nós imos votar favorablemente esta iniciativa, indubidablemente pódense facer máis cosas, si, sen dúbida, pero non é un motivo para deixar de facer outras. Non queremos prexulgar o resultado, cando se acabe esta acción, dentro de dous anos, presentarán unha memoria, porque está así determinado no convenio, e poderemos avaliar se isto serviu ou non serviu, pero nun momento en que estamos vivindo unha grave crise

económica con seis millóns de parados, calquera iniciativa tendente a transmitir coñecemento, a fomentar a innovación, a axudar ás pequenas e medianas empresas que son as que crean emprego en momento de crise, creo que é boa, e debemos de apoiala, polo menos dende o Grupo Socialista así o entendemos.

A Escola de Organización Industrial non é algo novo, non é algo privado, é unha fundación pública estatal que foi constituída o 21 de marzo do ano 1997, ten experiencia de funcionamento, ten financiamento de fondos FEDER, está avalado o seu funcionamento pola Unión Europea, e se vai facer un centro de excelencia para o impulso da innovación das PEME na provincia da Coruña, e se propón un convenio por un importe total que xa se dixo aquí, de 990.000 euros, cunha achega da Deputación de 198.000 euros en dous anos, é un convenio que se desenvolverá en dous anos. A Deputación, ademais desta achega de 198.000 euros, poñerá a disposición da Escola de Organización Empresarial un espazo físico onde se sitúe este Centro de Excelencia. Entón, xa digo, non podemos prexulgar cal vai ser o resultado desta acción, verémolo cando teñamos a memoria de actuación e poderemos avaliar se iso foi interesante o non foi interesante, pero creo, o Grupo Socialista o entende, que nestes momentos de crise, de dificultade, calquera iniciativa tendente a apoiar as pequenas e medianas empresas, tendente a apoiar os emprendedores e tendente a apoiar a xuventude que quere iniciarse no mundo dos negocios, creo que é positiva. Que se poden facer máis cousas?, si, pero esta é unha das que se poden facer e nosoutros imos votar favorablemente.

Esa era a miña intervención para fixar, como houbo debate, para fixar tamén a posición do Grupo Socialista.

#### Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, simplemente para fixar o contido do que foron as miñas palabras, eu o que dixen non é que os ADL locais non estean preparados, todo o contrario, creo que teñen un gran reto por diante, teñen un traballo importante en todos os concellos e cando menos no meu véñeno facendo tamén, digamos coa aprobación total de quen é o seu alcalde. Dito isto, o que eu dixen é que evidentemente este programa supera en moito cales son as competencias ou posibilidades que ten os ADL, no teñen en absoluto nada que ver, como non tiña en absoluto nada que ver as accións do fomento da industria ou da empresa que fai o IGAPE. Polo tanto, eu creo que intentar axudar a través deste proxecto ás nosas pequenas empresas, a través da innovación, a través de buscar eses nichos e posibilidades aínda que hai de emprego, é algo no que esta Deputación non pode quedar á marxe, e máxime cando coa nosa axuda, que seguramente con outras axudas, este proxecto vai ter unha contía moi significativa. Dito isto, tamén hai que dicir que a intención desta Deputación non só é seguir colaborando con proxectos como o que agora presenta a Escola de Organización Industrial senón tamén con outros que como o INCIDE, veñen tamén desenvolvendo un importante labor no ámbito tanto estatal, como neste caso provincial. Máis nada, moitas grazas, Sr. Presidente.

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Escola de Organización “Desenvolvemento dun centro de excelencia para o impulso da innovación nas PEME da Provincia da Coruña (factoría de innovación)”.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 198.000,00 (financiamento do 20% do presuposto de gastos).

A Deputación Provincial da Coruña pagará a citada cantidade de conformidade co disposto na cláusula FINANCIAMENTO do texto do convenio.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/4333A/22699.

Non existindo crédito orzamentario neste momento, a aprobación do convenio queda sometida a condición suspensiva, demorando a súa eficacia ata que entre en vigor o expediente de modificación de créditos 1/2013, non podendo asumirse ningunha obriga en firme ata que a dita circunstancia se produza, unha vez que sexa publicada a modificación no Boletín Oficial da Provincia.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACIÓN ESCOLA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL (EOI) E A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO PROXECTO “DESENVOLVEMENTO DUN CENTRO DE EXCELENCIA PARA O IMPULSO DA INNOVACION NAS PEME DA PROVINCIA DA CORUÑA (FACTORÍA DE INNOVACIÓN)  
REUNIDOS

Dunha parte, Don Fernando Bayón Mariné, director xeral da Fundación EOI, actuando, en virtude dos poderes conferidos polo Padroado, en nome e representación da Fundación EOI (en adiante EOI), con CIF: G-81718249 e domicilio social en Avenida Gregorio del Amo 6, 28040 Madrid.

Doutra parte, Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando, en exercicio das facultades conferidas, en nome e representación da Excm. DEPUTACIÓN DA CORUÑA (en adiante DEPUTACIÓN DA CORUÑA) con CIF:P1500000C, e domicilio social en Avda. Alférez Provisional, 2 A, CP: 15006, A Coruña

Os asinantes, na representación que desempeñan, declaran ter a capacidade legal necesaria para formalizar este documento e, para o efecto,  
EXPOÑEN

I. EOI é unha fundación do sector público estatal dedicada a formar profesionais, producir e difundir coñecemento e ofrecer servizos de valor a empresas, emprendedores e administracións, nos valores dunha economía aberta, social, verde e dixital.

EOI desenvolve o Programa RISC (Redes de Innovación ao Servizo da Competitividade), que comprende actividades para favorecer a implantación e desenvolvemento de iniciativas de I+D+i e transferencia tecnolóxica nas empresas, especialmente nas pequenas e medianas empresas, co fin de mellorar a súa competitividade. O Programa RISC de EOI está incluído dentro do Programa Operativo CCI2007ES16UPO001, de Investigación, Desenvolvemento e Innovación por e para o beneficio das Empresas - Fondo Tecnolóxico do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, aprobado por Decisión da Comisión da Unión Europea do 7 de decembro de 2007, no cal actúa EOI como Organismo Intermedio e Beneficiario. As actividades de EOI neste ámbito contan con financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

II. A Deputación da Coruña é unha institución pública de carácter local de ámbito provincial, que ten a súa sede na cidade da Coruña, na Comunidade Autónoma de Galicia. A súa definición recóllese no artigo 31 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e este mesmo artigo establece como fins propios e específicos da entidade provincial garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social e en particular: asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal e participar na coordinación da administración local coa da Comunidade Autónoma e a do Estado.

III. Ambas as dúas partes consideran necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso á I+D+i co fin de mellorar a competitividade do tecido empresarial español.

IV. Por iso, tendo en conta a coincidencia de obxectivos das dúas entidades, no marco dos seus respectivos fins e competencias, consideran de interese establecer unha colaboración para o desenvolvemento de accións dirixidas a mellorar a competitividade das empresas españolas a través de I+D+i, no marco das accións que executa EOI como beneficiario do Programa RISC.

Por canto antecede, é vontade de ambas as dúas partes subscribir un convenio específico de colaboración para actuacións concretas, para cuxo efecto, recoñecéndose mutuamente a capacidade legal necesaria, outorgan o presente documento en cuxa virtude

## ACORDAN

### 1. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é desenvolver os termos da colaboración entre EOI e a DEPUTACIÓN DA CORUÑA para o desenvolvemento conxunto do proxecto "Desenvolvemento dun Centro de Excelencia para o impulso da innovación nas Peme da Provincia da Coruña" (en diante Proxecto) que teñen como obxectivo crear un de Centro de Excelencia na provincia da Coruña (Factoría de Innovación) que se converta nun centro consultor neurálxico para as PEME, asociacións, agrupacións de empresarios/as da zona, coa finalidade de fomentar e incrementar nelas a súa competitividade a través de actividades de investigación, desenvolvemento e innovación, así como, desenvolver actuacións de creación e consolidación de

empresas de base tecnolóxica, no marco das accións que executa EOI dentro do Programa RISC.

O obxecto da Operación é favorecer a implantación e desenvolvemento de iniciativas de I+D e innovación en PEME pondo en marcha un Centro de Excelencia en Xestión da Innovación na PEME, que sexa un punto de referencia para que as PEME da zona poidan incrementar a súa competitividade tanto en desenvolvemento, implantación e deseño de actividades de I+D+i así como desenvolver actuacións que impulsen a creación e consolidación de empresas de base tecnolóxica.

Con estas actuacións, quérese conseguir que as PEME aumenten o seu potencial innovador, desenvolvan as súas ideas e sexan capaces de establecer relacións con novos socios tecnolóxicos. Potenciar a transferencia tecnolóxica entre as empresas, facilitarles o acceso a toda a información en temas relacionados coa innovación como poden ser proxectos, guías de boas prácticas de xestión e innovación, en definitiva conseguir que tanto as accións de I+D e innovación sexan o elemento de cambio e de dinamismo empresarial nas PEME.

Os beneficiarios principais desta acción serán todas aquelas PEME, empresarios/as, agrupacións empresariais e emprendedores de base tecnolóxica situadas na provincia da Coruña, que necesiten implementar nas súas empresas accións de I+D+i, accións innovadoras que lles leve a ser máis competitivas no sector no que desenvolven a súa actividade.

O programa dedicará os seus esforzos en detectar, “incubar”, acompañar, acelerar proxectos empresariais, preferentemente portados por novos empresarios, xurdidos de ideas de emprendemento que contemplan a innovación como motor da empresa e/ou que teñan unha certa base tecnolóxica.

As accións que se levarán a cabo son as que se detallan a continuación:

- Accións de sensibilización e información destinadas a profundar no coñecemento e nas necesidades dos sectores, a promover solucións xunto cos axentes implicados e impulsar ás PEME españolas.
- Pór ao dispor da PEME unha rede de consultores co fin de coñecer o seu estado actual e elaborar un plan de accións ligado á súa situación obxectivo.
- Accións de implantación dirixidas a converter a innovación nun proceso sistemático dentro da PEME, vinculado á estratexia empresarial.
- Accións de monitorización e seguimento focalizadas en coñecer a realidade empresarial no momento actual e ser foro de reflexión e referentes, marcando tendencias na normativa e xestión empresarial.

Esta acción levarase a cabo nun 50% no ano 2013 e 50% en 2014.

O Proxecto desenvolverase na Coruña, segundo se detalla no proxecto técnico que figura como anexo 2 a este convenio. O proxecto técnico pode conter un maior alcance de actividades respecto das recollidas no obxecto deste convenio.

## 2. ACHEGAS DAS PARTES

- a) EOI contribuirá á execución do convenio mediante o desenvolvemento das seguintes tarefas:

- O deseño das actividades.
  - A dirección e execución das actividades.
  - As relacións coa autoridade de xestión do Programa Operativo (Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Subdirección Xeral de Administración do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, dependente da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios).
  - A selección de participantes ou destinatarios das accións.
  - A selección, contratación e pago de profesionais especializados para a prestación dos servizos que integran as actividades programadas.
- b) A DEPUTACIÓN DA CORUÑA contribuirá á execución do convenio mediante o desenvolvemento das seguintes tarefas:
- A Deputación achegará o espazo físico onde se sitúe o Centro de Excelencia e se desenvolvan as distintas actividades deste.
  - Colaboración con EOI na captación de empresas beneficiarias.
  - Colaboración no deseño das actividades.
  - A colaboración na promoción e difusión, de acordo cos criterios e directrices de EOI, á que incumbirá a decisión última e supervisión de todas as accións de difusión, comunicación, e publicitarias relativas ás accións programadas, que se realizarán en todo caso con estrito cumprimento da normativa comunitaria e nacional aplicable.
  - Participar na Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio

Ambas as dúas partes contribuirán ao financiamento do Proxecto de acordo ao especificado neste convenio.

A execución do convenio está condicionada ao aboamento a EOI dos importes certificados por parte da Unión Europea, dentro do Programa Operativo referenciado nos expositivos.

Este convenio non supón asociación ningunha ou dependencia entre as partes asinantes, que actuarán de forma absolutamente independente e autónoma, sendo obrigación específica e exclusiva de cada parte cumprir con cantas obrigacións legais lle correspondan en desenvolvemento da súa actividade de acordo coa normativa que lles resulte de aplicación.

### 3. FINANCIAMENTO

O orzamento estimado do Proxecto será de NOVECIENTOS NOVENTA MIL EUROS (990.000,00€), ao que contribuirán ambas as dúas partes.

O financiamento do Proxecto realizarase por EOI e a DEPUTACIÓN DA CORUÑA nos seguintes termos:

1. A DEPUTACIÓN DA CORUÑA realizará unha achega de CENTO NOVENTA E OITO MIL EUROS (198.000,00 €), dos cales se achegará un 25%, é dicir, 49.500€, previa a xustificación dos seguintes trámites ante a Deputación:

- 1.1. Presentación da memoria de deseño das actuacións aprobada polo órgano competente de EOI, na que consten o desenvolvemento e periodificación das diferentes fases do proxecto.

1.2. Contratación da dirección do Centro.

2. O segundo 25% da achega da Deputación efectuarase tras a acreditación ante a Deputación da adxudicación dos contratos referidos aos eventos e actuacións de sensibilización previstos na programación do proxecto.

3. O terceiro 25% da achega provincial efectuarase tras a presentación ante a Deputación da acreditación da Deputación dos contratos de adestramento, programas previstos, contratos de Deputación, imaxe, difusión e demais gastos de xestión do proxecto.

4. O 25% final da achega efectuarase tras a presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada de todos os gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, documentos xustificativos, importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento inicial.
- Certificación da aprobación polo órgano competente das facturas e demais documentos xustificativos.
- Financiamento provincial e declaración doutros ingresos que se obtiveron ou estean comprometidos para a mesma finalidade.
- Documentación gráfica, debidamente dilixenciada pola Secretaría da Fundación EOI, coa que quede acreditado que na publicidade do proxecto deuse a coñecer a colaboración da Deputación Provincial da Coruña

5. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade: a Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula terceira, cunha achega máxima de 198.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 20%. No caso de que o gasto xustificable non alcanzase o importe total previsto no convenio de 990.000 €, a Deputación só achegará o 20% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata alcanzar o orzamento total da actividade, está financiada con cargo a recursos (proprios ou alleos) de EOI acreditando que conta con crédito adecuado e suficiente para financiar a totalidade do gasto imputable a esta.

A DEPUTACIÓN DA CORUÑA comprométese de maneira expresa a non facer a súa achega con cargo a fondos comunitarios e a entregar a EOI certificación para o efecto. O certificado debe entregarse a EOI, tras realizar a achega, detallando as cantidades achegadas á realización do convenio, segundo modelo adxunto como anexo 1.

6. EOI achegará o resto do custo do Proxecto, SETECENTOS NOVENTA E DOUS MIL EUROS (792.000,00€), con cargo ao Programa RISC, que conta con financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

#### 4. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio.

A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte: por parte de EOI o director xeral e o director do Instituto de Competitividade e

Emprendemento; e por parte da DEPUTACIÓN DA CORUÑA, o xefe do Servizo de Fomento e Servizos Provinciais ou persoa en quen delegue e o director da área de Organización e Sistemas ou persoa en quen delegue.

Corresponden á Comisión de Seguimento, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar un seguimento das actividades.
- Establecer as medidas correctoras oportunas para conseguir o cumprimento do obxectivo do proxecto.
- Aclarar as dúbidas e controversias que poidan orixinarse na interpretación e execución deste convenio.
- Propor ás entidades asinantes a incorporación de novas entidades que queden adheridas ao proxecto.

A Comisión reunirse cantas veces considere necesario, a convocatoria de calquera das partes.

Actuará de presidente da Comisión de Seguimento o director xeral e como secretario o director do Instituto de Competitividade e Emprendemento.

Para a válida constitución da Comisión de Seguimento, para os efectos da celebración de reunións e adopción de acordos, requirirase a presenza da metade máis un dos seus membros entre os que deberán estar o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. Os acordos serán adoptados por maioría simple. O presidente da Comisión de Seguimento terá a facultade de voto dirimente en caso de empate, para os efectos da adopción de acordos.

A Comisión de Seguimento reunirse polo menos cada tres meses en sesión ordinaria. A primeira sesión celebrarase dentro do primeiro mes tras a sinatura do convenio.

## 5. DIFUSIÓN

En todas as accións contempladas neste convenio farase mención expresa da colaboración das partes e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, figurando de forma destacada o nome e logo das dúas entidades e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional en todos os elementos de promoción e difusión (publicacións en prensa, folletos, comunicacións, etc.) e en canta documentación se xere. De conformidade coa normativa comunitaria:

- Cada unha das accións e actividades que se desenvolvan contará cunha adecuada difusión aos destinatarios potenciais delas, tanto en medios de comunicación como en canles máis restrinxidas.
- En toda a publicidade, así como en calquera información que se difunda sobre o proxecto en calquera medio, en todo o material de apoio que se utilice nas actuacións (carteis, documentación, folletos, contornas web, etc.) e nas publicacións, destacarase a participación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional incluíndo os elementos seguintes:
  - a) O emblema da Unión Europea, de conformidade coas normas gráficas establecidas no Anexo I do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro de 2006, así como a referencia á Unión Europea;
  - b) A referencia expresa “Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional”
  - c) A declaración “*Una manera de hacer Europa*”, elixida pola autoridade de xestión para destacar o valor engadido da intervención da Comunidade.



## 6. CONFIDENCIALIDADE

Ambas as dúas partes comprométese a non difundir, baixo ningún concepto calquera información referente a aspectos científicos, técnicos, económicos ou de organización interna pertencente á outra parte, á que poida ter acceso na execución deste convenio, salvo que esas informacións sexan de dominio público.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data da sinatura deste documento, salvo consentimento expreso da parte propietaria da devandita información.

## 7. PROPIEDAD INTELECTUAL

Os resultados obtidos como consecuencia da colaboración no Proxecto (en diante Resultados) serán propiedade conxunta de EOI e da DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Na medida en que os Resultados sexan susceptibles de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, seralles de aplicación o disposto no art. 7 do Texto refundido da propiedade intelectual, relativo á obra en colaboración.

A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes aos Resultados será de EOI e a DEPUTACIÓN DA CORUÑA por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable e conforme coas obrigacións derivadas do cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional en relación co cumprimento da normativa europea que regula as axudas, en concreto no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006.

Os Resultados licenciaranse baixo a licenza Recoñecemento Attribution-NonCommercial-ShareAlike 3.0 Unported (CC BY-NC-SA 3.0) de Creative Commons. Permítese a reprodución, distribución e comunicación pública a condición de que non se faga un uso comercial e se citen os autores da obra e titulares dos dereitos. Pódese alterar ou transformar a obra, ou xerar unha obra derivada, sempre que se distribúa a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta. A licenza completa pódese consultar en: <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/>

En todos e cada un dos produtos finais do Proxecto deberán constar os autores da obra (EOI e a DEPUTACIÓN DA CORUÑA), o símbolo da licenza indicada conforme a lexislación vixente e o logo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

## 8. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), se a DEPUTACIÓN DA CORUÑA accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de EOI, adquire a condición de encargado do tratamento e comprométese a:

- non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución do convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación, e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivese acceso a DEPUTACIÓN DA CORUÑA deben ser destruídos ou devoltos a EOI, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigacións fai responder a DEPUTACIÓN DA CORUÑA das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento. A DEPUTACIÓN DA CORUÑA responde fronte a EOI do cumprimento destas obrigacións polas persoas da DEPUTACIÓN DA CORUÑA que participen de calquera modo na execución do convenio.

## 9. VIXENCIA E EXTINCIÓN

O prazo de vixencia deste convenio será de dous anos desde a data da súa sinatura. Este convenio poderá prorrogarse por acordo expreso de ambas as dúas partes que deberá ser formalizado por escrito.

O convenio poderá extinguirse polas seguintes causas:

- a) Cumprimento do obxecto.
- b) Cumprimento do prazo de vixencia.
- c) Imposibilidade sobrevinda para o seu cumprimento.
- d) Acordo das partes asinantes.
- e) Comunicación por escrito de calquera das partes cun mínimo de seis meses de antelación á data de resolución.
- f) Incumprimento das obrigacións dunha das partes, comunicado de forma motivada por escrito con trinta días de antelación, con omisión de emenda.

En calquera suposto de resolución anticipada, as partes comprométense a finalizar as actividades en curso e a manter a proporcionalidade das súas achegas.

## 10. RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable.

Este convenio está excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), en virtude do artigo 4.1. c.

Ambas as partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

En caso de conflito ambas as dúas partes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento e os seus anexos, por duplicado, no lugar e data indicados.

Pola FUNDACIÓN EOI

Pola DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Don Diego Calvo Pouso

Don Fernando Bayón Marín

## ANEXO 1 MODELO DE CERTIFICADO DE ACHEGA DE FONDOS

D. /Dna. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, na súa

condición de representante legal de \_\_\_\_\_ (NOME DA ENTIDADE, CIF E DOMICILIO SOCIAL),

#### CERTIFICO

A achega económica de \_\_\_\_\_ € realizada pola DEPUTACIÓN DA CORUÑA para contribuír ao financiamento do Proxecto \_\_\_\_\_ (NOME e CÓDIGO DO PROXECTO), de acordo ao disposto mediante o Convenio de Colaboración de data \_\_\_\_\_ subscrito coa Fundación EOI non foi realizada con cargo a fondos comunitarios.

E para que así conste, para os efectos que procedan, a pedimento da Fundación EOI, expido este certificado en \_\_\_\_\_ (LUGAR E DATA)

Asdo.: \_\_\_\_\_  
(Firma e Selo ENTIDADE)”

#### **25.-APROBACIÓN DA 3ª E DERRADEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as Bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o 26 de outubro de 2012, publicadas no BOP nº 207 do 30 de outubro de 2012, e modificadas mediante acordo plenario do 21 de decembro de 2012 e publicadas no BOP nº 248 do 31 de decembro de 2012

Vistos os proxectos e demais documentación que están correctos e completos relativos á anualidade 2013 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal que foron presentados polos respectivos concellos no marco da circular de asignación de fondos que lles foi remitida en outubro de 2012

1.- Aprobar a 3ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) do ano 2013, cuxo resumo de cifras globais dos dous apartados en que se estrutura é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura no anexo I (POS - obras de investimento) e anexo II (POS - gastos correntes) a este acordo.

|                                   |                     | <b>POS 2013 - 3ª fase (2 concellos)</b> |                 |              |
|-----------------------------------|---------------------|---|-----------------|--------------|
|                                   |                     | <b>DETALLE DE FINANCIAMENTO</b>         |                 |              |
| <b>SECCIÓN</b>                    | <b>PARTIDA</b>      | <b>DEP.-F. P.</b>                       | <b>CONCELLO</b> | <b>TOTAL</b> |
| <b>POS- gastos correntes</b>      | 0501 / 459A / 46201 | 288.444,10                              | 0,00            | 288.444,10   |
| <b>POS- obras de investimento</b> | 0501 / 459A / 76201 | 224.978,92                              | 45.690,11       | 270.669,03   |
|                                   | <b>TOTAIS</b>       | 513.423,02                              | 45.690,11       | 559.113,13   |

2.- Aprobar os proxectos das obras incluídas no apartado POS - obras de investimento. No entanto, a aprobación definitiva das obras que no anexo I teñen indicada unha condición suspensiva, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo I.

3.- A contratación das obras incluídas no apartado POS - obras de investimento realizarana os respectivos concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas bases reguladoras deste plan.

4.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que optaron por destinar unha parte da cantidade asignada no POS 2013 ao financiamento dos seus gastos correntes previstos para o exercicio 2013, cuxa relación e importe que se ha transferir figura no anexo II a este acordo.

O devandito pago realizarase con cargo á partida 0501/459A/46201, de acordo cos datos contables que figuran no informe de Intervención a este expediente.

5.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

6.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

7.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguir as actuacións.”

### 3ª fase POS - 2013

#### Expediente de aprobación da 3ª e última fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS - 2013)

**Anexo I: Obras do POS - obras de investimento 2013**

| Concello          | Código de obra    | Denominación                           | DEPUTACIÓN       | CONCELLO          | TOTAL            | CONDICIÓN   |
|-------------------|-------------------|--|------------------|-------------------|------------------|---|
| <b>BERGONDO</b>   | 13. 2100. 0235. 0 | Repar.cmñs.en                          | 94.444,09        | 38.819,84         | <b>133.263,9</b> | Acreditación obtención autorización da Deputación<br>Acreditación obtención autorización do Ministerio de Fomento |
|                   |                   | Guísamo,Rois,Cortiñán e ou.            |                  |                   | <b>3</b>         |   |
| <b>TOTAL</b>      |                   |  | <b>94.444,09</b> | <b>38.819,84</b>  | <b>133.263,9</b> |   |
|                   |                   |  |                  |                   |                  | <b>3</b>  |
| <b>CORISTANCO</b> | 13. 2100. 0236. 0 | Parque infantil San Roque              | 66.389,16        | 3.494,17          | <b>69.883,33</b> |   |
|                   | 13. 2100. 0237. 0 | Parque infantil Augalada               | 32.624,29        | 1.717,07          | <b>34.341,36</b> |   |
|                   | 13. 2100. 0238. 0 | Mellora cmños. Verdes, Augalada e Cuns | 31.521,38        | 1.659,03          | <b>33.180,41</b> |   |
|                   | <b>TOTAL</b>      |  |                  | <b>130.534,83</b> | <b>6.870,27</b>  | <b>137.405,1</b>  |
|                   |                   |  |                  |                   |                  | <b>0</b>  |

**TOTAL 3ª FASE    224.978,92    45.690,11    270.669,0**  
**3**

NÚMERO DE CONCELLOS

NÚMERO DE OBRAS

**3ª FASE POS 2013**

**Expediente de aprobación da 3ª e última fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS - 2013)**

**ANEXO II -Gastos correntes**

|                 | <b>SUBVENCIÓN APLICADA</b> |
|-----------------|----------------------------|
| <b>CONCELLO</b> |                            |
| BERGONDO        | 94.444,09                  |
| CORISTANCO      | 194.000,01                 |
| <b>TOTAL</b>    | <b>288.444,10</b>          |

**26.-APROBACIÓN DA 5ª E DERRADEIRA FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PLAN DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras do plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de xullo de 2012 e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 145 do 1 de agosto de 2012

Despois de ver as solicitudes que están correctas e completas presentadas polos concellos que máis adiante se detallan

1.- Aprobar a 5ª e derradeira fase da anualidade 2012 do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, cuxo resumo de cifras globais é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura no anexo I a este acordo para o apartado D) de gastos correntes.

O resumo dos datos desta 5ª fase é o seguinte:

| <b>5ª E DERRADEIRA FASE ANUALIDADE 2012 (Gasto corrente dun concello e parte doutro)</b> |                 |                   |                 |              |
|--|-----------------|-------------------|-----------------|--------------|
| <b>PLAN DTC-94 “Unha deputación para todos os concellos”</b>                             |                 |                   |                 |              |
| <b>APARTADO</b>  | <b>PARTIDA</b>  | <b>DEPUTACIÓN</b> | <b>CONCELLO</b> | <b>TOTAL</b> |
| D) GASTO CORRENTE  | 0501/459G/46201 | 297.284,46        | 0,00            | 297.284,46   |
| <b>TOTAL 5ª E DERRADEIRA FASE DTC 94</b>   |                 | 297.284,46        | 0,00            | 297.284,46   |

A aprobación definitiva deste expediente debe quedar condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2013 no que se inclúe o crédito suficiente para o seu financiamento.

2.- O pago da achega provincial realizarase de acordo co previsto na base 8, pero cunha ampliación do prazo previsto para que os concellos presenten a documentación xustificativa dos pagos realizados dos seus gastos correntes, segundo o modelo anexo III ás bases, ata o 30 de xuño de 2013.

3.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

4.- Remitir o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións una vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.”

**DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS**

**5ª FASE ANUALIDADE 2012**

**ANEXO I : APARTADO D**

**D) Gastos correntes**

| CONCELLO               | CANTIDADE DESTINADA A GASTOS CORRENTES |
|------------------------|--|
| Ferrol (*)             | 80.463,98                              |
| Santiago de Compostela | 216.820,48                             |
| <b>TOTAL</b>           | <b>297.284,46</b>                      |

(\*) A cantidade solicitada polo Concello de Ferrol para gastos correntes é de 604.337,44 €, da cal 523.873,46 € foi incluído na 3ª fase, e 80.463,98 € quedou pendente para a súa inclusión nesta 5ª fase do Plan DTC-94

**27.-TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO PARA O ESTABLECEMENTO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, PONTECESO, CABANA DE BERGANTIÑOS E LAXE PARA A CONSTITUCIÓN DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL COSTA BERGANTIÑÁ DE SERVIZOS PÚBLICOS CONSORCIADOS, APROBADO POLOS RESPECTIVOS CONCELLOS DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, PONTECESO, CABANA DE BERGANTIÑOS E LAXE, E DA DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DOS RESPECTIVOS CONCELLOS, ASÍ COMO A DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN NO CITADO CONVENIO.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 5 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Tomar coñecemento da aprobación do convenio marco para o establecemento das bases de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Laxe para a constitución da Comunidade Intermunicipal de Costa Bergantiñá de Servizos Públicos Consorciados, aprobadas polos respectivos Concellos de Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Laxe.

2º.- Tomar coñecemento dos representantes designados por cada concello que son os seguintes:

MALPICA DE BERGANTIÑOS: D. Eduardo José Parga Veiga, alcalde e D. Miguel Ángel Fernández Mirás, concelleiro

PONTECESO: D. José Luis Fondo Aguiar, alcalde e D. Jose Pouse Facal, concelleiro

CABANA DE BERGANTIÑOS: D. José Muíño Domínguez, alcalde e D. Carlos Manuel Sande Martínez, concelleiro

LAXE: D. Antonio Carracedo Sacedón, alcalde e D. Xosé Pouse Lema, concelleiro.

3º.- Designar en representación da Deputación os seguintes deputados provinciais:

D. Manuel Taboada Vigo  
D. Carlos Enrique López Crespo

4º.- Formalizar o correspondente convenio

5º.- Facultar o presidente da Deputación ou deputado/a en quen delegue para a sinatura deste.”

**28.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2013, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2010).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a



morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.

Segundo: Dispor que se proceda á publicación dun anuncio na páxina web da Deputación no que se indique que a documentación referenciada no apartado anterior está ao dispor dos interesados para o seu exame e consulta no Servizo de Contabilidade.

Terceiro: Proceder ao envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

## 29.-MODIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS DE EJERCICIOS ANTERIORES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“No exercicio 2011 aprobáronse, entre outras, as seguintes subvencións nominativas:

| APLICACIÓN PRESUPOSTARIA | BENEFICIARIO                      | CIF/NIF   | OBXECTO  | IMPORTE DA SUBVENCIÓN | PRESUPOSTO SUBVENCIONADO | % FINAN. |
|--------------------------|-----------------------------------|-----------|--|-----------------------|--------------------------|----------|
| 0202/161A/762.01         | Concello de Cabana de Bergantiños | P1501400D | Redes de saneamento e abastecemento nos lugares de Vilaseco, Borneiro e O Briño. | 39.665,06             | 49.581,33                | 80,00    |
| 0202/342A/762.01         | Concello de Carral                | P1502100I | Cerramento do campo de fútbol e construción de bancadas e vestiarios.            | 112.862,17            | 112.862,17               | 100,00   |
| 0305/431A/481            | Arteixo Centro Comercial Aberto   | G15700818 | Implantación da ferramenta de xestión FIDELE PETIT                               | 40.000,00             | 77.880,00                | 51,36    |

Despois de examinar a documentación que se presenta, esta comisión adopta o seguinte acordo:

**1º.- APROBAR** as modificacións propostas nas subvencións nominativas que se relacionan sendo agora o seu contido o seguinte:

| APLICACIÓN PRESUPOSTARIA | BENEFICIARIO                         | CIF/NIF   | OBXECTO  | IMPORTE DA SUBVENCIÓN | PRESUPOSTO SUBVENCIONADO | % FINAN. |
|--------------------------|--------------------------------------|-----------|--|-----------------------|--------------------------|----------|
| 0202/161A/762.01         | Concello de Cabana de Bergantiños(1) | P1501400D | Redes de saneamento (fecais) e abastecemento no lugar de Vilaseco na parroquia de Borneiro | 39.665,06             | 49.581,33                | 80,00    |
| 0202/342A/762.01         | Concello de Carral (1)               | P1502100I | Instalación de cerramento e alumeado no campo de fútbol de Os Capelos                      | 112.862,17            | 112.862,17               | 100,00   |
| 0305/431A/481            | Arteixo Centro Comercial Aberto (2)  | G15700818 | Compra de equipamento para actividades   | 40.000,00             | 51.286,73                | 77,992   |

(1) Cambio de obxecto.

(2) Cambio de obxecto, presuposto e porcentaxe.”

### **30.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/2013.**

#### INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Imos votar favorablemente este expediente de modificación de créditos, expediente que ascende a 25 millóns, en números redondos, 25 millóns de euros, e que se financia cun remanente de tesourería de 24 millóns e unhas baixas por anulación de 238.000 euros. Con este expediente faise unha amortización anticipada de 2.500.000 euros e os únicos gasto novos que non estivese xa previsto son 474.000 euros, dos cales 238.000 fináncianse con esas baixas de tesourería.

Eu quixera aproveitar este trámite de aprobación desta moción para fixar a posición do Grupo Socialista en algo que nos parece fundamental nos momentos en que estamos vivindo. Despois deste expediente de modificación quedanos un financiamento dispoñible de 41.603.000 euros, dos cales hai un remanente por operacións non financeiras de máis de 23 millóns de euros, 23.605.000. Este remanente de operacións non financeiras está vinculado ao artigo 32 da Lei de estabilidade presupostaria, artigo que se vai modificar, hoxe só poderíamos destinar este remanente para amortizar débeda, todos confiamos en que se modifique e se poida dispoñer para outras actividades.

Temos ademais un fondo de continxencia de 3.000.000 de euros, que poderíamos dispoñer deles a finais de ano, e temos ademais un remanente de tesourería libre, de 1.124.000 euros, e temos a diferenza entre os 41 e os 23, 17.991.000 euros, tamén libres pero dificilmente saberemos hoxe o que se pode facer, porque estamos pendentes de modificacións normativas porque só se pode gastar 1,7% máis dos créditos do gasto do ano pasado. Con isto quero chamar a atención ao Pleno da Deputación de que temos moito diñeiro, o podemos ter moito diñeiro para investir nos concellos da provincia no que queda de ano.

Antes de continuar direi, como Grupo de goberno destinamos parte dos remanentes de libre disposición ás subvencións nominativas. Eu quero pedir hoxe en nome do Grupo, de que este diñeiro que dispoñamos, o que sexa, que o utilizemos integramente a financiar aos concellos da provincia, fundamentalmente aos pequenos concellos da provincia. Entendemos que se hai actuacións que son debemos de atender, porque son de interese provincial, e que deben de ser obxecto dunha subvención nominativa, estamos dispostos a aprobala. Entendemos que o presidente da Deputación ten que ter a marxe por se ten algún compromiso dalgunha subvención nominativa, estamos dispostos a apoiala, pero agás isto, cuestións de interese provincial, ou cuestións de interese provincial con compromiso do presidente, pediríamos, Sr. presidente, que dedicase integramente a maior parte do remanente que vaíamos ter para obras e servizos municipais. Dígoo porque, cál é este cambio de actitude? Ben, a situación que estamos vivindo. Ata agora os concellos, ademais da Deputación financiábanse con achegas ou transferencias do Estado, ou transferencias da Xunta, iso non existe, o único recurso que teñen os concellos da provincia hoxe é a Deputación, e quero poñer en valor á Deputación nestes momentos, é a Deputación o único recurso que teñen os concellos e en anos anteriores, ademais do POS, do PCC, dos Plans anticrise, dos plans Deputación para

todos os concellos, tiñan iso os concellos, este ano non van ter nada, e eu pediría que fagamos un esforzo, que independentemente deses pequenos compromisos ou subvencións que haxa que facer porque son de interese e son compromisos, destinemos todos os recursos a facer un plan.

Comigo faláron, como imaxino que falarían con moitos deputados, varios concellos da provincia que teñen remanente de tesourería de operacións non financeiras que están vinculadas á amortización de débeda, pequenos concellos que facían plans de emprego, e que non poden facer plans de emprego se non teñen subvencións doutras deputacións. Facer un plan aberto, onde os concellos poidan tamén aproveitar parte de ese remanente de tesourería que teñen para apoiar o emprego, para crear emprego, e fixarnos exclusivamente nos pequenos municipios. Que quero dicir con isto?, que os grandes municipios, A Coruña, Ferrol e Santiago teñan o tratamento no criterio de distribución por poboación que teñen no Plan de obras e servizos actual. Esa era a reflexión que quería facer en nome do Grupo Socialista, aproveitando este expediente de modificación de créditos, que como dixen ao principio, imos votar favorablemente.

#### Sr. Presidente

Pasamos entón á votación, agradézolle o voto afirmativo do seu Grupo, Sr. Moreda, e como saberán, desde esta Deputación estamos a facer desde o principio da lexislatura un esforzo importante a prol dos concellos da provincia, intentando que todos os cambios que fomos introducindo ao longo destes dous anos case que levamos, fose sempre a favor dos concellos, de todos os concellos da provincia, achegando a cantidade que inicialmente achegaba o Ministerio, por exemplo no POS, reducindo, ou eliminando ese 5% que tiñan que poñer, facendo que as baixas, se se producen redunden nos concellos, ou adiantando cada vez que podemos e que estamos en disposición, a recadación a todos os concellos para que poidan facer fronte en todos os momentos, e ademais en momentos puntuais, no verán e a final de ano, a todas as obrigas de pago ou obrigas de Tesourería que teñen.

Polo tanto, seguiremos nese sentido traballando a prol de todos os concellos, e agradezo a súa achega, que sen dúbida será tida en conta.

## ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 1/2013 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe de 25.061.668,60 euros e que ofrece o seguinte resumo:

### A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

#### A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

|                               |                      |
|-------------------------------|----------------------|
| CE. Créditos extraordinarios: | 3.394.984,30         |
| SC. Suplemento créditos:      | 21.666.684,30        |
| <b>Total de aumentos:</b>     | <b>25.061.668,60</b> |

#### A.2) Baixas ( fontes de financiamento):

|  |                      |
|--|----------------------|
| BA. Baixas de crédito noutras aplicacións: | 238.000,00           |
| MI. Maiores Ingresos:                      | 24.823.668,60        |
| <b>Total financiamento:</b>                | <b>25.061.668,60</b> |

### B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

#### B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

| Capítulo                        | Altas                | Baixas            |
|---------------------------------|----------------------|-------------------|
| 1. Gastos de persoal            | 0,00                 | 0,00              |
| 2. Gastos correntes             | 1.428.395,42         | 40.000,00         |
| 3. Gastos financeiros           | 4.937,22             | 0,00              |
| 4. Transferencias correntes     | 10.101.458,44        | 198.000,00        |
| 5. Fondo continx .e outros imp. | 0,00                 | 0,00              |
| 6. Investimentos reais          | 870.913,01           | 0,00              |
| 7. Transferencias de capital    | 10.155.964,51        | 0,00              |
| 8. Activos financeiros          | 0,00                 | 0,00              |
| 9. Pasivos financeiros          | 2.500.000,00         | 0,00              |
| <b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>      | <b>25.061.668,60</b> | <b>238.000,00</b> |

#### B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

| Capítulo                          | Altas                |
|-----------------------------------|----------------------|
| 1. Impostos directos              | 0,00                 |
| 2. Impostos indirectos            |                      |
| 3. Taxas e outros ingresos        |                      |
| 4. Transferencias correntes       |                      |
| 5. Ingresos patrimoniais          |                      |
| 6. Alleamento investimentos reais |                      |
| 7. Transferencias de capital      |                      |
| 8. Act. Finan. Reman. Tesourería  | 24.823.668,60        |
| 9. Pasivos financeiros            |                      |
| <b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>        | <b>24.823.668,60</b> |

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan Económico-Financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2013 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

### **31.-INFORMACIÓN REMITIDA A ENTIDADES PÚBLICAS DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2013.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento da información remitida á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e ao Tribunal de Contas durante o primeiro trimestre do exercicio 2013.

SEGUNDO: Pór ao dispor de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de Internet da Deputación provincial.”

### **32.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DE TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E CALQUERA OUTRO INGRESO DE DEREITO PÚBLICO DE CARÁCTER NON PERIÓDICO OU DE PERIODICIDADE INFERIOR AO ANO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Valdoviño en relación coa seguinte materia:

- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

### **33.- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cabana de Bergantiños en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da

lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**34.-INFORME DO CUMPRIMENTO POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA DO ARTIGO 4 DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE DAS OPERACIÓN COMERCIAIS CORRESPONDENTES A: 3º E 4º TRIMESTRE DO ANO 2010 E 1º, 2º, 3º E 4º TRIMESTRES DO ANO 2011.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento da copia dilixenciada respecto da toma de razón polo Pleno do Consorcio, dos informes correspondentes aos 3º e 4º trimestre do ano 2010 e 1º, 2º, 3º e 4º do ano 2011, rendidos telematicamente en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.”

**35.-INFORME SOBRE O DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA FASE DO MECANISMO DE PAGO A PROVEDORES NO ÁMBITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento de que na Deputación provincial e no Consorcio para Extinción de Incendios e Salvamento non se expediu certificación positiva de obrigacións pendentes de pago incluídas no ámbito de aplicación do mecanismo de pago a provedores contemplado nos artigos 20 a 27 do Real decreto-lei 4/2013 do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

SEGUNDO: Considerar que non procede a aprobación e tramitación do Plan de axuste contemplado nas normas que regulan o mecanismo de pago a provedores.”

**ACTUACIÓN DE CONTROL  
ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Seixas Naia

Bo día a todos e a todas, presentei unha pregunta o día 18 de abril en Rexistro, interesándome pola situación da obra da estrada provincial 0810 de Guiliade a Guísamo, aí había un proxecto xa de hai algún anos, houbera un problema cos propietarios dunha finca particular por unha cuestión vinculada a patrimonio, en concreto, e posteriormente fixéronse dous proxectos, houbo unha resolución do dezaseis do nove de dous mil once, relativa aos trámites para a expropiación, máis descoñecemos o que aconteceu desde esa data. Polo tanto, o que solicitamos é que se nos informe da situación do proxecto no seu conxunto, e que se nos indique a previsión aproximada que teña a Presidencia para rematar esas obras, que creo que son importantes porque se trata dunha estrada con moito tráfico, perigosa, é un problema de seguridade viaria. Grazas



Sr. Presidente

Moitas grazas, como foi presentada hai uns días, teño o informe no meu poder que fixo Vías e Obras, e como vostede sabe hai un punto onde esa vía se estreita, que é casualmente na vía do tren, que coincide con esa propiedade á que vostede facía referencia, e nós temos incluído a premisa de que esa vía se dividira ou se tomara a decisión de dividir en dúas fases, a primeira fase está incluída nunha relación que esta Deputación fixo hai pouco no departamento, como prioritaria e, polo tanto, está a rematar o expediente de expropiacións necesario para a execución a continuación das obras e, polo tanto, nesa primeira fase vaise proceder tan pronto como estean excluídas as expropiacións. E na segunda fase, o proxecto que existía foi rexeitado polo departamento, polo Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia, e polo tanto se está a concluír as novas alternativas para presentar e posterior tramitación.

Sr. Regueira Varela

Non é unha pregunta, é un rogo. No último Pleno solicitámoslle que se nos completara a información sobre os libros e material editado pola Imprenta da Deputación aos diferentes concellos da provincia. Simplemente recordarlle que aínda non temos esa información, que cando poida que se nos dea.

Sr. Presidente

Moi ben, seguro que na vindeira semana xa o poderán ter.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.